Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 25/03/2025 17:33:47

Alexandra Fernández Gómez na data 25/03/2025 17:34:37

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/03/2025 17:35:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Oscar Insua Lema e Olalla Rodil Fernández,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**,
relativa á valoración por parte do goberno galego do anuncio de integración dos CIM
galegos no Sistema Viogen do Ministerio do Interior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Centros de Información á Muller (CIM) son un recurso financiado e regulado
por parte da Xunta de Galiza co que contan algunhas entidades locais, concibidos como
un conxunto de recursos desde os cales se articula, en desenvolvemento da lexislación
en materia de igualdade e loita contra a violencia machista, unha intervención global
dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica,
orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada
á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Estes recursos nacen con
vocación de carácter permanente e, ao longo do paso dos anos, foron ampliándose as
súas funcións e a súa extensión territorial.

A finais de marzo, o delegado do goberno do Estado en Galiza, Pedro Blanco,
anunciaba a integración progresiva dos 84 Centros municipais de Información á Muller
(CIM) do noso país no Sistema VioGen do Ministerio do Interior. Afirmábase que esta
integración, que a priori parece a efectos informativos, permitiría ter acceso puntual a
información que podería mellorar a atención e que até o momento era facilitada a través
dos mecanismos de coordinación e/ou intermediación das forzas e corpos de seguridade.
Afirmaba tamén que esta integración iría acompañada de formación previa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Camiñar cara un maior intercambio de información e unha maior coordinación en materia de intervención en situacións de violencia machista é sempre unha necesidade e un avance en positivo, mais a premura e a xeralidade do anuncio deben complementarse con maior información sobre este cambio.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que valoración fai o goberno galego da proposta de integrar progresivamente os CIM galegos no sistema Viogén e do alcance real desta medida?

Cal é a orixe desta proposta, é unha demanda dos CIM, da Xunta ou dos organismos de cooperación interinstitucional vixente?

Cales son os termos concretos desta integración? A que tipo de información vai poder acceder un CIM? Hai algunha restrición?

O acceso é universal ou dependerá da localización xeográfica do CIM?

Cales van ser os mecanismos de formación para o persoal? Como se vai resolver a formación para o persoal temporal?

Cal é a planificación temporal para esta integración?

Que cambio ou cambios implica nos protocolos interinstitucionais vixentes? Cando serán actualizados?

Que institución ou institucións van financiar este proceso?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Oscar Insua Lema

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/03/2025 18:01:15

Olalla Rodil Fernández na data 25/03/2025 18:01:21

Óscar Insua Lema na data 25/03/2025 18:01:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración por parte do goberno dos resultados do baleirado do seu autogoberno fiscal en materia de perda de oportunidades de recadación e redistribución da riqueza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente coñecíanse datos do Ministerio de Facenda e do informe Panorama de la fiscalidad autonómica y foral 2024 do Consello Xeral de Economistas que evidencian novamente a política de baleirado do autogoberno fiscal que leva a cabo a Xunta do Partido Popular ao permitir a comparación de ingresos en materia impositiva por parte das comunidades autónomas.

Esta información, na mesma liña que os resultados das Contas Xerais da Xunta e dos informes anuais da ATRIGA confirman unha tendencia: o goberno da Xunta de Galiza espreme cada vez menos o limitado marxe de autogoberno fiscal co que conta o noso país e iso supón unha perda de oportunidades de recadación e redistribución da riqueza. Así, Galiza sitúase entre as cinco comunidades autónomas que menos recadación ten e obsérvase unha baixada na recadación acentuada nos últimos anos. Desta maneira, en Galiza os impostos propios soamente representan o 1,4 por 100 dos ingresos tributarios, un porcentaxe por debaixo da media das autonomías.

Neste sentido, cómpre recordar que sobre a teoría un dos obxectivos do actual sistema de financiamento foi dotar ás distintas comunidades dunha maior capacidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fiscal que podería ir en progresivo aumento. Porén, o sistema tamén fracasou neste aspecto e, tal e como recorda o recente *Informe de fiscalización sobre os resultados para Galiza do sistema de financiamento das CCAA de réxime común. Exercicios 2009-2021* do Consello de Contas, xa no ano 2016 o informe da Comisión de Expertos a nivel estatal puxo de relevo que o propio sistema adoece dun déficit de responsabilidade fiscal por parte das comunidades que provén dun baixo nivel de autonomía de ingresos e dun marco institucional que non as dota de suficiente poder de decisión individual e sitúa no aumento da marxe de decisión fiscal o potenciamento da autonomía e a corresponsabilidade fiscal.

É dicir, os propios informes do Estado recoñecen o evidente. Máis aínda, o Informe do Consello recolle como Galiza, por decisión política, ten renunciado a espremer o marxe de autogoberno nos últimos anos. Así, sinala literalmente que o noso país “*atópase cunha capacidade fiscal por debaixo da media das CCAA (nunha posición relativa de 93 sobre un índice de 100) e cunhas necesidades de gasto (...) moi superiores da media daquelas (a segunda comunidade con maiores necesidades de gasto).*”

En conclusión, malia as crecentes necesidades de financiamento e a potencia que ten o exercicio do autogoberno fiscal non só para avanzar en recadación senón para deseñar unha política económica activa que modele o país que queremos, o goberno galego renuncia a facelo e impulsa unha política fiscal de baleirado impositivo na que, ademais, busca favorecer sectores e colectivos distintos ás maiorías sociais, privilexiando ámbitos como as rendas máis altas ou sectores como o do xogo.

É necesario, polo tanto, facer seguimento e avaliación da evolución da recadación e da política de baleirado fiscal da Xunta de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que valoración fai o goberno galego de que Galiza sexa das comunidades con peores porcentaxes de ingresos tributarios por impostos propios?

Que valoración fai o goberno galego de que Galiza renuncie a desenvolver o seu autogoberno fiscal?

Comparte o goberno galego de que un dos fracasos do sistema de financiamento ten que ver con non ter servido para dotar ás distintas comunidades dunha maior capacidade fiscal tal e como sinala a Comisión de Expertos estatal?

Que valoración fai o goberno galego de que Galiza se atope cunha capacidade fiscal por debaixo da media das CCAA?

E de que asemade se atope cunhas necesidades de gasto moi superiores da media daquelas, sendo a segunda comunidade con maiores necesidades de gasto?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 26/03/2025 11:06:12

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/03/2025 11:06:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á manipulación do Presidente da Xunta respecto do número real de camas UCI do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense após as obras de renovación do servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos un dos múltiples elementos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense necesitados de ampliación e renovación foi o da Unidade de Coidados Intensivos. Así as cousas, despois do período máis intenso da pandemia da covid-19, a Xunta de Galiza anunciou e impulsou unha renovación da Unidade para incorporar as aprendizaxes sanitarias. Segundo afirmaba o goberno galego, impulsaríase un novo modelo, modernizando o sistema e adaptándoo ás leccións da pandemia e ás aprendizaxes da última década.

Todo isto, que nun comezo parecía ser positivo para Ourense e para o sistema público de saúde, tivo un resultado deficiente na súa execución e posta en marcha da primeira fase a finais de 2023 e comezos de 2024. Así, xa a finais de 2023 o persoal da Unidade de Coidados Intensivos (TCAES, enfermeiras e persoal facultativo) puxo en coñecemento da dirección de enfermaría e da xerencia do Complexo Hospitalario de Ourense, a través de numerosos escritos e solicitudes verbais, e posteriormente tamén á inspección laboral, distintos aspectos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A súa disconformidade tiña que ver, a grandes trazos, coas condicións de traslado no que atinxía ao número de efectivos propostos por insuficiente e a distintas fendas de seguridade e organización laboral que comprometían a adecuada prestación de servizo e que motivou mobilizacións do persoal ao longo de varios meses ata ir sendo progresivamente escoitados pola xerencia. Entre os puntos denunciados estiveron, ao longo do tempo, a falta de persoal esixido para unha UCI de nivel II e o número de camas reais operativas durante as distintas fases, sendo habitual a habilitación dunha sala extra.

Recentemente, o Presidente da Xunta acudía ao CHUO para inaugurar a segunda fase desta nova UCI. Así, o señor Rueda, como recollen os medios de comunicación ourensáns e a propia nota informativa da Xunta de Galiza, visitou a nova Unidade de Coidados Intensivos (UCI) do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) e afirmou o goberno que “está deseñada para reforzar a atención sanitaria na provincia” e que “o novo espazo stá dotado con 3 módulos con 10 boxes cada un, unha superficie de 2.649m², o que permitiu aumentar o espazo xa existente un 30%, pasando de 20 a 30 camas.”

Porén, esta información é, como mínimo, inexacta e manipulada. A realidade da nova UCI de Ourense é que despois dun investimento que a propia Xunta de Galiza cifra en máis de 10 millóns de euros, antes da obra había 22 camas e agora van quedar 20, é dicir, dúas menos no canto de 8 máis. Isto é así porque a unidade 4ª dereita creada na fase 1 está pechada e o espazo URPA habilitado durante as obras da segunda fase non está dotado do material necesario, que foi trasladado para o novo espazo. Non son, polo tanto, espazos activos e adecuadamente dotados e non se poden computar como camas operativas nun novo exercicio de manipulación da realidade.

O Presidente “salientou a importancia de contar con infraestruturas sanitarias modernas, eficientes e dotadas dos mellores medios e profesionais” segundo consta na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propia nota de prensa da Xunta de Galiza mais son afirmacións incompatibles coa realidade: redución de camas e persoal insuficiente, que novamente está a denunciar en escritos á xerencia e aos medios de comunicación a súa precaria situación.

A Xunta debe dar explicacións sobre as súas afirmacións inexactas e manipuladas e sobre a situación de precariedade e falta de recursos que denuncia o persoal da UCI do CHUO.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Por que manipula a Xunta de Galiza a información respecto do número real de camas na UCI de Ourense afirmando que son 30?

Como explica afirmar que hai 30 camas cando a realidade é que reduciron de 22 a 20?

Como xustifica o goberno galego afirmar ese número de camas cando sabe que a posibilidade de ampliación coa sala anexa non conta nin coa dotación material esixible para se cualificar de UCI nin rota o persoal da UCI?

Considera o goberno galego que pode afirmar que son camas UCI camas hospitalarias nas que non rota o persoal da UCI?

Considera o goberno galego unha boa xestión que despois de investir máis de dez millóns de euros haxa menos camas operativas no CHUO?

Que vai facer o goberno galego para resolver os problemas de saturación e falta de persoa que están a denunciar traballadoras e traballadores do servizo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/03/2025 13:04:21

Iria Carreira Pazos na data 26/03/2025 13:05:49

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/03/2025 13:06:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o traslado sen consenso da Unidade de Saúde Mental e do Programa de Prevención de Suicidio do Centro de Especialidades e ás preocupacións e discrepancias trasladadas por parte do persoal do Servizo de Psiquiatría do CHUO.

Desde hai unhas semanas hai unha forte preocupación na sociedade ourensá e na comunidade profesional sanitaria por mor da falta de planificación, diálogo e previsión da Xunta de Galiza á hora de prever os cambios necesarios para proceder ao desprazamento das funcións que até o momento se prestaban no Centro de Saúde Novoa Santos, que sería demolido para proceder ás obras de construción do CIS de Ourense, prometido no ano 2020.

Recentemente facíanse públicas as discrepancias das e dos profesionais de Atención Primaria que foran trasladadas, sen escoita, á xerencia sanitaria. Entre outras cuestións, as e os profesionais advirten da ruptura das bases de atención primaria para un terzo da poboación da cidade, da segregación de servizos e pacientes, da sobrecarga do Centro de Saúde do Couto que pasará a duplicar a poboación atendida, da ruptura da calidade e impartición de docencia e do desmantelamento do Centro de Orientación Familiar, que afecta ao conxunto da cidade. Así mesmo, coa segregación de servizos, profesionais e pacientes romperanse as bases de accesibilidade, lonxitudinalidade, continuidade asistencial e integralidade, bases consensuadas, estudadas e contrastadas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pola comunidade científica, que non responden a criterios aleatorios senón obxectivos e que redundan nunha maior saúde comunitaria. A maiores, un dos principais problemas será a sobre carga do centro de saúde do Couto, un centro que ten menos dunha década de funcionamento despois de dilacións na súa obra e de numerosos problemas de acondicionamento pola falta de calidade destas e ser outro exemplo de improvisación administrativa.

Para alén destas cuestións, da mesma maneira que non hai consenso nin diálogo cos e coas profesionais do Nóvoa Santos, tampouco cos servizos presuntamente afectados que hoxe se prestan aínda no Centro de Especialidades. Así, vimos de coñecer que desde o Servizo de Psiquiatría do CHUO consideran inadmisíble o plan da Xerencia para a remodelación da área asistencial de Saúde Mental co que pretenden desmantelar o Hospital de Día de Psiquiatría para ubicar nese espazo a Unidade de Saúde Mental e o Programa de Prevención de Suicidio e mermar a área de traballo da Unidade de Condutas Aditivas para incluír o Hospital de Día de Saúde Mental Infante-Xuvenil.

Para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego é alarmante esta situación e coñecer que as e os profesionais, tamén neste caso, son coñecedores das decisións da Xerencia a través dos medios de comunicación, nunha evidente mostra de falta de xestión, falta de diálogo e improvisación.

No comunicado, as e os profesionais xustifican o seu rotundo rexeitamento ao plan da Xerencia alegando que supón o desmantelamento do Hospital de Día, que xa tiña unhas instalacións deficientes, ao reducir o seu espazo para incluír aproximadamente 17 despachos de consultas, coas correspondentes salas de agarda, aseos, etc. Esta situación implicaría graves consecuencias ao amorrar as e os usuarios en espazos inadecuados para poder prestaren o servizo. Así mesmo, consideran que o plan da Xerencia no relativo ao traslado do Equipo de Continuidade de Coidados a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Piñor supón tamén un desmantelamento dos dispositivos de rehabilitación comunitaria extrahospitalaria e, da mesma maneira que advertían as e os profesionais de Atención Primaria, isto tería repercusións tamén nas funcións de docencia que se exercen desde esta área, tendo en conta que a Unidade Multidisciplinar de Saúde Mental do CHUO é, ademais, a maior unidade docente da provincia, prestando supervisión docente nos espazos do Servizo a un total de 25 residentes das diferentes especialidades.

Esta é unha situación grave e sen precedentes pola afectación de servizos e de poboación, todo isto nunha área sanitaria xa de por si castigada pola falta de apoio da Xunta de Galiza e pola falta de diálogo cos e coas profesionais, como amosa a situación de colapso de distintos centros de Atención Primaria, a situación das urxencias ou da UCI do CHUO, a falta de impulso da prometida unidade de ictus ou do ámbito da xeriatria e unha constante improvisación en materia de infraestruturas.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Vai rectificar a Xunta de Galiza as súas decisións unilaterais de reorganización de persoal e servizos con motivo das obras do CIS de Ourense e, particularmente, as eivas sinaladas por parte do persoal do Servizo de Psiquiatría do CHUO?

Considera que se pode garantir a prestación da atención á saúde mental cando as e os profesionais que sosteñen o servizo se enteran pola prensa das decisións da Xunta?

Por que a Xunta de Galiza non acordou cos e coas profesionais e pacientes do ámbito da saúde mental os cambios a impulsar con motivo da afectación ao Centro de especialidades da reorganización do Nóvoa Santos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que compromete coas súas decisións a prestación dos servizos do Hospital de Día de Psiquiatría?

Por que propón a Xunta mermar a área de traballo da Unidade de Condutas Aditivas?

Valorou a Xunta de Galiza como afectaría isto á viabilidade do Hospital de Día de Saúde Mental Infanto-Xuvenil?

Valorou a Xunta de Galiza como afectaría isto á calidade da docencia da Unidade Multidisciplinar de Saúde Mental do CHUO?

Que motivacións valorou para propoñer o traslado do Equipo de Continuidade de Coidados a Piñor? É consciente das consecuencias?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 26/03/2025 13:06:43

Noa Presas Bergantiños na data 26/03/2025 13:06:46

Iria Carreira Pazos na data 26/03/2025 13:07:02

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/03/2025 13:07:12





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O sector da dobraxe en Galicia acadou unha importancia substancial no eido cultural e lingüístico desde a década dos anos oitenta até entrado o século XXI. Por unha banda, recolleu a necesidade da poboación de escoitar e sentir na televisión pública, a TVG, a fala na que nos recoñecemos, provocando na súa primeira década datos récord de achegamento, coñecemento, difusión e uso da nosa lingua en toda a poboación. Por outra, supuxo un soporte de adestramento e tamén de medio de vida para actrices, actores, directores e técnicos galegos nun sector, (o cultural do teatro/cine/televisión), no que a precariedade e falta de continuidade sempre estiveron instaladas.

O orzamento para dobraxe da Televisión de Galicia que chegou en 2005, ós 7 millóns de euros foise reducindo ata os 4,7 en 2008. Ese orzamento repartíase entre tódalas empresas do sector aguantando así do tecido actoral en todo o territorio. Pero a partires de 2010, aínda que o reparto de traballo comezou a facerse desde un acordo marco por concurso público, a TVG reduciu ata 1,5 millóns o orzamento para dobraxe, chegando a executar una media do 65 % desa cantidade ó ano, o que facía inviable a continuidade do sector profesional galego distribuído entre Coruña, Santiago e Vigo, afectando a preto de 350 persoas.

Cando a TVG comezou a reducir a súa aposta pola dobraxe en galego, o sector aproveitou a chegada da TDT para buscar outros mercados de dobraxe, pero en lingua castelá. A remuneración por dobrar en castelán, é preto dun 35 % inferior por ser un mercado moito máis atomizado e con grande competencia





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2025 16:34:29
Nº Rexistro: 22370
Data envío: 26/03/2025 16:34:29.673

ó longo de todo o estado, pois o castelán dóbrase tamén en Madrid, Barcelona, Andalucía, Euskadi, Valencia, Aragón, etc.

Aínda que con diferentes sensibilidades empresariais, (pemes na súa maioría e maioritariamente de capital 100 % galego), o sector do dobraxe xoga un papel importantísimo na encomenda de seren soporte e transmisor da lingua galega dentro do sector do audiovisual, e mais nun momento como o actual no que a nosa lingua está a padecer unhas cifras de coñecemento, difusión e uso moi por debaixo das que debería ter na nosa terra. E por outra parte, obrígase ó sector a competir fóra de Galicia, con outro tipo de tarifas cada vez mais esixentes, para tratar de manter os postos de traballo.

En 2015 e 2016, o sector da dobraxe acudiu unido, (empresas e traballadores), perante os distintos grupos do Parlamento de Galicia acadando un compromiso inicial dos mesmos para desenvolver a normativa de constitución daquela nova Corporación da Radio e a Televisión de Galicia que tivera en conta un orzamento anual para dobraxe en galego de 4,3 millóns de euros, compromiso que nunca chegou a formalizarse.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que medidas ten pensado poñer en funcionamento, o Goberno galego, para garantir a viabilidade das empresas galegas de dobraxe?

Santiago de Compostela, a 26 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76456

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2025 16:34:29
Nº Rexistro: 22370
Data envío: 26/03/2025 16:34:29.673

Silvia Longueira Castro na data 26/03/2025 16:27:48

Julio Abalde Alonso na data 26/03/2025 16:27:56

CSV: BOPGDSPG-PGJ1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76457

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación de Meteogalicia e a creación da Axencia Galega para o Clima e a Meteoroloxía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O clima é un dos grandes temas da axenda política e social. Galiza non pode estar á marxe desta cuestión, polo que debe dotarse dunha estrutura normativa, institucional e de medios que dea acaída resposta á axenda ambiental e climática, con especial atención aos riscos dos eventos meteorolóxicos extremos.

Como é sabido, o noso país non conta con instrumentos, persoal e medios para facer fronte ao desafío do clima. A consellaría de medio ambiente conta desde 2024 con unha dirección xeral de enerxías renovábeis e cambio climático, o que deixa ben ás claras cal é a visión que ten o goberno galego desta materia.

Ademais, como recoñeceu o propio goberno, este departamento non conta a penas con persoal, polo que se viu na obriga de externalizar a xestión dunha parte importante das súas tarefas.

Para o BNG é preciso que a emerxencia ambiental e climática teña unha xerarquía moito máis alta no goberno, con visión transversal e capacidade real de impulso de actuacións en todos os ámbitos. Débese rematar coa precariedade na que se encontra Meteogalicia, que non ten personalidade xurídica e depende dun contrato coa empresa TRAGSATEC.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A emerxencia do clima vai moito máis alá da predición meteorolóxica. Ten relación coas emerxencias, coa saúde, coa biodiversidade, coas infraestruturas, cos sectores económicos. Por iso é preciso contar con un ente que aglutine todas estas dimensións e que actúe tanto na vertente predictiva como na prospectiva. E que en coordinación co sistema universitario galego elabore estudos sobre a evolución do clima, os impactos presentes e futuros, e as medidas precisas para adaptarnos aos cambios e mitigar os seus efectos.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Que valoración lle merece á Xunta a situación de precariedade en que se encontra Meteogalicia?

Cal é a situación laboral do persoal que traballa nos servizos meteorolóxicos en Meteogalicia?

A quen pertencen as instalacións nas que traballa o persoal de Meteogalicia?

Ten previsto o goberno galego regularizar e legalizar a situación de Meteogalicia e crear un organismo público con personalidade xurídica que asuma as competencias sobre o clima e os servizos meteorolóxicos?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Valcárcel Armesto
Alexandra Fernández Gómez
Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 26/03/2025 16:41:30

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/03/2025 16:41:45

Alexandra Fernández Gómez na data 26/03/2025 16:42:03





Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

Baixo a presidencia de Fernando González Laxe, e cando era conselleiro de Agricultura, Francisco Sineiro García, aprobouse no ano 1989 a Lei 13 do 10 de outubro de montes veciñais en man común.

No ano 2022, a Consellería do Medio Rural anunciaba que presentaría as directrices dunha nova norma contra incendios que propón aprobar nese mesmo ano.

Galicia conta hoxe con 3.388 montes coa consideración de monte veciñal en man común, que ocupan unha superficie total de 661.068,08 ha, o que fai unha media de case 200 hectáreas (195.20) por este tipo de propiedade colectiva tan común en Galicia, esténdese por 248 dos 313 concellos de Galicia, ocupa un 25 % do territorio galego aproximadamente e xera importantes beneficios dende o punto de vista social, económico e ambiental.

Contan cunha regulación específica que establece que son bens indivisibles, inalienables, imprescriptibles e inembargables, co que pertence conxunta e indivisiblemente á totalidade dos comuneiros que conforman en cada momento a agrupación veciñal.

Para o Grupo Parlamentario Socialista os montes veciñais en man común teñen que asumir o papel económico que lles corresponde e a Administración autonómica debe darlle instrumentos para iso, tales como unha actualización





da lexislación reguladora dos MMVVMC coa finalidade de adecuar a súa regulación á súa situación actual.

Os motivos son obvios, os cambios producidos na nosa sociedade foron moi profundos. Dende o aumento do despoboamento no rural coa desaparición de moitas comunidades de montes, aínda que perdura o MVMC, polo seu carácter incidental.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27.11 de xeito inequívoco a competencia exclusiva da nosa comunidade autónoma en materia de réxime xurídico dos montes veciñais en man común.

Así as cousas, a Xunta de Galicia debe garantir que esta modalidade específica e ampla do noso monte, se converta nunha peza chave para o desenvolvemento sustentable do medio rural galego.

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai cumprir o Goberno galego o Ditame da Comisión Especial non permanente de Estudo e Análise das Reformas da Política Forestal, de Prevención e Extinción de Incendios Forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017, en relación cos MCMC?
2. Cando vai o Goberno galego constituír o Consello Galego de Montes Veciñais en Man Común?
3. Cando o Goberno galego vai publicar o libro branco de MVMC?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2025 18:05:47
Nº Rexistro: 22391
Data envío: 26/03/2025 18:05:47,279

4. Que cronograma manexa o Goberno galego en relación coa normativa dos montes veciñais en man común?

Parlamento de Galicia, 26 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/03/2025 13:16:48

Lara Méndez López na data 26/03/2025 13:17:00

CSV: BOPGDSPG-PGJ1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76463

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro Garcia, Secundino Fernández Fernández, Iria Taibo Corsanego e Cristina Fernández Davila, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de reforzar a protección do Camiño Francés como Ben Patrimonio da Humanidade ante as ameazas da implantación da macrocelulosa Altri en Palas de Rei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Directrices Prácticas para a aplicación da Convención do Patrimonio Mundial elaboradas polo Comité do Patrimonio Mundial da UNESCO determinan os criterios para a inscrición de bens na Lista do Patrimonio Mundial en Perigo.

O artigo 179 regula as situacións en que os bens culturais poden pasar a ser inscritos na Lista do Patrimonio Mundial en Perigo caso de estaren expostos a algún perigo grave que pode ocasionar repercusións prexudiciais nas súas características esenciais e, en consecuencia, o seu recoñecemento como Patrimonio da Humanidade.

Entre estes perigos graves singularízanse, por exemplo, a existencia de perigos derivados de proxectos de ordenación territorial ou os perigos causados por plans urbanísticos.

No caso de bens naturais protexidos, estas Directrices Prácticas identifican, entre outros, como perigo comprobado sobre estes cando se produza “uha grave alteración da beleza natural ou do interese científico do ben que resulte, por exemplo, dun





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asentamento humano, da construción de embalses que provoquen a inundación dunha superficie considerábel do ben, do desenvolvemento industrial e agrícola, a saber, obras públicas ou privadas de gran envergadura, explotacións mineiras, contaminación, utilización de insecticidas ou abonos, explotación forestal, recolección de leña, etc.

Estas situacións de perigo poderían estar a comprometer a declaración do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade, así declarado en 1993. A orixe desta ameaza a un patrimonio galego fundamental do punto de vista sociocultural e económico reside no proxecto de instalación dunha macrocelulosa en Palas de Rei que a sociedade galega está a rexeitar publicamente unha e outra vez. Unha ameaza que se acaba de consolidar unha vez publicada a DÍA concluíndo a Xunta que o proxecto é ambientalmente viábel.

A propia DÍA recolle a petición á empresa promotora de informes complementarios para avaliar o impacto sobre o patrimonio cultural e natural provocado pola instalación da planta industrial da macrocelulosa de Altri, a creación de accesos, a captación e verteduras, unha liña eléctrica de 15 KV, impactos derivados da emisión de diferentes substancias que afecten á calidade do aire, etc.

Sorprende que nesta DÍA a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informe favorabelmente esta planta industrial, cando afecta unha parte da zona protexida de amortecemento, así como un radio de 15 km de impacto visual da planta, sen ficar esclarecida a totalidade da información requirida á empresa.

E aínda sorprende máis que se informe a favor da macrocelulosa de Altri recollendo a obriga de presentar diferente documentación, como proxectos de control arqueolóxico ou de tratamento de cores, texturas e acabados que minimicen a percepción das instalacións, unha vez aprobado o proxecto industrial. Isto é, mentres se reconece a importancia de cumprir os altos valores de protección que implica a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consideración do Camiño francés como ben de Patrimonio da Humanidade, infórmase favorablemente a DÍA a expensas de novos informes que garantan estes valores unha vez aprobado o proxecto.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- É coñecedor o Comité do Patrimonio Mundial da UNESCO da afectación da implantación da macrocelulosa Altri en Palas de Rei?
- Dispón o goberno galego dalgún informe por parte deste Comité?
- Pensa a Xunta que a concesión da DÍA favorábel ao proxecto de Altri respecta as Directrices Prácticas para a aplicación da Convención do Patrimonio Mundial que rexen o Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade?
- Está en disposición de garantir a Xunta que a autorización ambiental á macrocelulosa de Altri non compromete a protección do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Iria Taibo Corsanego
Daniel Castro García
Secundino Fernández Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/03/2025 18:19:53

Daniel Castro García na data 26/03/2025 18:20:04

Secundino Fernández Fernández na data 26/03/2025 18:20:13

Iria Taibo Corsanego na data 26/03/2025 18:20:22

Cristina Fernández Davila na data 26/03/2025 18:20:33





Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

Este grupo parlamentario presentou unha batería de iniciativas sobre as consecuencias do traslado das consultas e o persoal do actual Centro de Saúde Novoa Santos ante a súa próxima demolición para a construción do Centro Integral de Saúde, así como sobre o hospital de día Infanto-xuvenil, nestes momentos sen localización.

Acusabamos á Xunta de Galicia de falta de planificación e previsión de non ter un cronograma de actuacións e actuar de novo baixo a improvisación.

Queremos agora centrarnos no plan da Xerencia para o traslado da Unidade de Saúde Mental do CES e o Programa de Prevención de Suicidio ao espazo do Hospital de Día de Psiquiatría (HDD) no Hospital Santa María Nai. O persoal do servizo manifestou o seu rexeitamento.

Este proceso afecta tamén á Unidade de Continuidade de Coidados de Psiquiatría e á Unidade de Condutas Aditivas (UCA) que vería remodelada a súa área de traballo para incluír o Hospital de Día de Saúde Mental Infanto-Xuvenil e o HDD de adultos mentres se fan estas obras.

Manifestan estes profesionais, afirmacións coas que concorda este grupo parlamentario, que estes cambios improvisados aos que se vai ver sometida a cidadanía obedecen non a un proxecto racional de reestruturación da rede de saúde mental senón ás presións por dar acubillo ás consultas de Atención





Primaria de Nóvoa Santos no CES provocadas pola demolición do edificio de Nóvoa Santos para construír un novo Centro Integral de Saúde. Este proxecto iniciouse en 2021, pero polo que parece non houbo tempo de pensar e consensuar, onde se van atender os doentes mentres se levan a cabo as obras.

Apuntan que este cambio aparentemente provisional pode durar anos e someter a cidadanía a condicións de asistencia indignas polas seguintes circunstancias:

1. Preténdese reducir a área de Hospital de Día de Psiquiatría no Nai para incluír aproximadamente uns 17 novos despachos de consulta. Neste momento o CES ten 9 consultas de psiquiatría, 3 de enfermaría, 5 de psicoloxía, 1 de Traballo Social, 2 de auxiliar administrativo, e 2 despachos para Mir/ Pir/ Eir, coas súas correspondentes salas de agarda, baños etc.

Mover todo isto ao espazo do Hospital de Día no Nai supón amorear ás persoas usuarias en espazos sen ventilación e illamento acústico axeitados e en salas de agarda insuficientes para as preto de 30.000 consultas anuais que se atenden, número ao que hai que engadir o dos seus acompañantes.

2. A Unidade de Saúde Mental que se pretende mover é por definición un dispositivo comunitario, é dicir, deben estar fóra do espazo hospitalario estando así regulado por lei:

A Lei xeral de sanidade (Lei 14/1986) establece que a atención aos problemas de saúde mental da poboación realizárase no ámbito comunitario, potenciando os recursos asistenciais a nivel ambulatorio e





os sistemas de hospitalización parcial e atención a domicilio, que reduzan ao máximo posible a necesidade de hospitalización.

No Decreto 389/1994 polo que se regula a saúde mental en Galicia da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, determínase que as unidades de saúde mental comunitaria situaranse, dentro da área á que pertencen... nos edificios propios dos centros de asistencia especializada extrahospitalaria.

3. O Hospital de Día traballa ao 200 % da súa ocupación (está dotado con 21 prazas e traballa con 41 doentes) que se dividen en grupos de ata 25 usuarios simultáneos. Os doentes presentan trastornos mentais graves e o traballo terapéutico require de espazos axeitados para terapias de grupo, obradoiros creativos, *mindfulness* ou actividades deportivas, ademais das consultas. A construción dun número tan alto de consultas e salas de agarda supón o desmantelamento dun Hospital de Día que xa tiña unhas instalacións deficientes, o que afectará gravemente ao persoal usuario atendido e ás súas familias.

4. A idea de montar o Hospital de Día Infanto Xuvenil nas instalacións da Unidade de Condutas Aditivas non parece a máis axeitada ás necesidades desta poboación.

5. O traslado da Unidade de Continuidade de Coidados a Piñor implica o desmantelamento dos dispositivos de rehabilitación comunitaria extrahospitalaria que se dan apoio entre si e traballan en conxunto (Hospitalización a Domicilio, Continuidade de Coidados e Hospital de Día) o que supón un problema organizativo para suplir as ausencias ou vacacións dos facultativos.



6. O traslado afectará á calidade da docencia da Unidade Multidisciplinar de Saúde Mental do Complexo Hospitalario de Ourense, que é actualmente a maior unidade docente da provincia, e que debe prestar supervisión docente nos espazos do Servizo a un total de 25 residentes MIR de Psiquiatría, PIR de Psicología Clínica e EIR de Enfermaría de Saúde Mental. Ademais de Residentes de Medicina Familiar e Comunitaria e estudantes de medicina e enfermaría.

Os profesionais, igual que este grupo parlamentario, en múltiples ocasións, en comisións e mesmo no Pleno do Parlamento de Galicia, esiximos que a Saúde Mental sexa tratada coa consideración que merece para garantir a saúde e a calidade de vida da cidadanía de Ourense.

Ante esta grave situación, as deputadas que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Valorou o Goberno galego as consecuencias para as persoas doentes o traslado da Unidade de Saúde Mental do CES e o Programa de Prevención de Suicidio ao espazo do Hospital de Día de Psiquiatría (HDD) no Hospital Santa María Nai?
2. Como vai afectar o referido traslado á Unidade de Condutas Aditivas (UCA) que vería remodelada a súa área de traballo para incluír o Hospital de Día de Saúde Mental Infanto-Xuvenil e o HDD de adultos mentres se fan estas obras?
3. Analizou o Goberno galego que o traslado ao Hospital de Día no Nai supón amarear ás persoas usuarias en espazos sen ventilación e illamento acústico axeitados e en salas de agarda insuficientes para as preto de 30.000 consultas anuais que se atenden, número ao que hai que engadir o dos seus acompañantes?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22403
Data envío: 26/03/2025 18:32:28.675

4. Valorou o Goberno galego de que forma vai afectar a calidade da docencia da Unidade Multidisciplinar de Saúde Mental do Complexo Hospitalario de Ourense?

5. Vai o Goberno galego reconsiderar a decisión improvisada do traslado da Unidade de Saúde Mental do CES e o Programa de Prevención de Suicidio ao espazo do Hospital de Día de Psiquiatría (HDD) no Hospital Santa María Nai?

6. Valora o Goberno galego consensuar esta decisión coas partes afectadas, profesionais, asociacións de doentes do ámbito saúde e sindicatos representativos?

7. Valora o Goberno galego presentar un proxecto racional de reestruturación da rede de saúde mental consensuado coas partes afectadas?

Parlamento de Galicia, 26 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/03/2025 18:31:24

Elena Espinosa Mangana na data 26/03/2025 18:31:35

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76472

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22403
Data envío: 26/03/2025 18:32:28.675

Silvia Longueira Castro na data 26/03/2025 18:31:45

CSV: BOPGDSPG-PGJ1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76473

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas a tomar diante da rescisión do contrato a empresa Eliance, concesionaria dos helicópteros da Fundación Pública Urgencias Sanitarias-061.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo información recollida polos medios de comunicación, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias-061 comunicou hai uns días á empresa Eliance, concesionaria dos helicópteros do 061, a resolución do contrato dos mesmos, tanto do de Santiago como do de Ourense.

O BNG leva denunciado e numerosas ocasións os incumprimentos reiterados desta empresa e a necesidade de que a Xunta lle rescindira o contrato, porque estes incumprimentos poñen en risco a saúde e a vida dxs galegxs. Denunciamos que os helicópteros que prestan o servizo de emerxencias extrahospitalarias do 061 non están a cumprir o estipulado no contrato. Incumprimento do que establece o contrato: prestación de servizo en horario de orto a ocaso os 365 días do ano, como na obriga de ter helicóptero de reposto en caso de necesidade de revisións ou avaría.

O tempo de resposta deste servizo poden marcar a diferenza entre un desenlace positivo ou un fatal. Diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus, politraumatismos, afogamentos... cada minuto de demora na atención agrava o pronóstico e a supervivencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A falta destes helicópteros é especialmente grave, xa que teñen un ámbito de cobertura dos seus servizos en zonas moi deficitarias en canto a dotación de transporte sanitario urxente terrestre.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Vai realizar o novo concurso para a concesión dos helicópteros da Fundación Pública Urxencias Sanitarias-061 polo procedemento de urxencia?

Vai tomar medidas para que non se lle poda adxudicar a esta empresa por incumprimentos reiterados?

Vai esixirlle á empresa o cumprimento do establecido nos pregos de licitación e polo tanto cubrir a totalidade do horario comprendido entre o orto e o solpor e ter helicóptero de reposto en tanto non se realice a nova adxudicación?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 27/03/2025 12:35:36

Iria Carreira Pazos na data 27/03/2025 12:35:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a reforma da Lei de eleccións ao Parlamento de Galiza para permitir o voto a partir dos 16 anos de idade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Foi no ano 1985 que se aprobou a actual lei electoral que aínda rexe os comicios que teñen lugar en Galiza. Faise, por tanto, no actual ano o 40 aniversario dunha lei electoral que, ao ver do grupo parlamentario do BNG, está desactualizada e non representa a sociedade galega actual que mudou considerabelmente nas últimas catro décadas. Cremos así que estaría máis que xustificado ampliar o dereito a voto ás persoas con 16 anos de idade.

Hoxe por hoxe unha moza ou mozo galego de 16 anos ten unha serie de responsabilidades e dereitos que se corresponden coa madurez que se lle presupón ás persoas desa idade. Desta forma, é pouco comprensíbel que aínda se manteña a idade de 18 anos como a mínima para poder exercer o dereito a voto nunha sociedade na cal un mozo de 16 anos xa pode conducir, casar ou mesmo votar no seu centro de traballo en eleccións sindicais.

Desde o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego pensamos que é hora de mudar a lei electoral e por Galiza á vangarda nesta cuestión. De todas as formas, Galiza non estaría soa neste ámbito xa que en países como Escocia ou Austria as persoas de 16 anos de idade xa teñen o seu dereito recoñecido pola lei a exercer o voto. Non se trata dunha cuestión menor, trátase de que o Parlamento galego recoñeza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

un dereito máis a unha faixa da poboación galega e equiparar a lei electoral galega ás máis avanzadas de Europa.

Apelamos ao consenso dos grupos con representación no Parlamento galego para que este dereito sexa recoñecido por lei, para o que é necesario que esta cámara vote a favor de actualizar a actual lei electoral de 1985.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Está a Xunta de Galiza a favor de actualizar a Lei de eleccións ao Parlamento de Galiza para, entre outras cuestións, permitir o voto ás persoas de 16 anos de idade?
- Se non, por que?
- Cre o Goberno galego que as persoas de 16 anos de idade de Austria ou Escocia non teñen a suficiente madurez como para teren o dereito a votar?
- Cre que o Goberno galego que actual lei electoral está desactualizada?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 27/03/2025 15:58:31

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/03/2025 15:59:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa á planificación por parte da Xunta dun novo edificio para o Hospital Materno-Infantil de Ourense e ás responsabilidades políticas que debe asumir por un novo derrube na área de pediatría que puido causar danos persoais ademais de materiais.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na gravidade da situación do edificio Hospital Materno-Infantil de Ourense ao producirse un novo derrube na área de pediatría que puido causar danos persoais ademais de materiais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado sábado 29 de marzo producíase un novo derrube na área de pediatría do edificio Hospital Materno-Infantil de Ourense. Afortunadamente a redución de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tránsito nesta área durante as fins de semana contribuíu a que o azar evitara calquera dano persoal. Porén, as imaxes falan por si soas e impresionan ao ver numerosos desperfectos e restos materiais que impiden o tránsito e o acceso ás zonas de ascensores e deixan descuberta unha parte enorme do teito e parte das paredes.

Esta situación, lamentablemente, non é nova nin inesperada. O deterioro do edificio do Hospital Materno-Infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense é un dos principais problemas que tivo no ámbito das infraestruturas a sanidade ourensá nas últimas décadas.

A situación de deterioro é tal que nos últimos anos, ademais de continuar pechadas varias áreas deste edificio, sucedéronse diferentes incidentes que foron comunicados á inspección ou que foron denunciados publicamente. Un dos máis graves, polo seu risco e polas consecuencias en materia de dereitos que supuxeron os máis de seis meses de demora en solucionalo, foi a caída dun teito na sala de partos a finais de 2023. Esta situación trouxo unha forte resposta profesional e cidadá, desde a comisión de centro a organizacións sindicais ou profesionais como as das matronas pasando por asociacións de lactancia e defensa da maternidade. A situación foi tan extrema que a cidadanía puido ver mesmo fotografías que amosaban a clara insalubridade das instalacións, ao habilitar os mesmos espazos para desprazar doentes e desprazar lixo, pechar durante demasiado tempo a sala de partos naturais, goteiras, etc.

Cómpre recordar que malia o seu deterioro, advertido por profesionais e por usuarios e usuarias, a Xunta de Galiza negou reiteradamente a necesidade dun novo edificio e apostou en todas e cada unha das revisións que fixo do Plan Director, desde o ano 2001. Aínda no ano 2018, Feijoo presentaba un novo proxecto e reforma deste edificio. Dous anos despois, no ano 2020, o goberno galego volvía anunciar a reforma integral do Hospital Materno-Infantil como prioritarias para manter a calidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asistencial na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras. Posteriormente, aínda no ano 2021, o goberno galego volvía comprometerse coa reprogramación do Plan director que conxelara durante a crise financeira. Finalmente, non foi ata o ano 2022 que se adxudicou a COPASA a Fase 1 da Reprogramación funcional do Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) que non contemplaba un novo edificio.

Esta situación volveu poñer enriba da mesa o fracaso do Plan Director e o erro de non ter apostado por un novo edificio. Porén, o goberno galego reafirmouse na súa reprogramación e na súa actuación. Malia isto, o goberno galego anunciaba en agosto de 2024 unha rectificación e que construíra un novo edificio que unificará todos os servizos de materno infantil. Esta actuación, de ser realmente unha aposta por acelerar esta instalación e aproveitar a oportunidade para escoitar ás e aos profesionais e ampliar os servizos e instalacións, deixando de discriminar Ourense e de precarizar a maternidade e a saúde da muller nesta Área, sería unha noticia positiva malia a demora inxustificable no tempo.

Porén, este anuncio e a comunicación da Xunta, quedou nun anuncio e non se incorporou ningunha partida concreta nos Orzamentos de 2025. Así mesmo, tal e como demandou o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, era e é preciso aclarar distintas cuestións. En primeiro lugar, é evidente que a demora de máis de vinte anos en desenvolver o Plan Director do CHUO e en tomar esta decisión merecen unha explicación e unha asunción de responsabilidades políticas, máis aínda toda vez que se afirma que se toma a decisión pola recomendación dos informes das persoas expertas. Cabe, xa que logo, preguntarse desde cando o goberno galego ten informes que aconsellan a demolición do edificio. En segundo lugar, cómpre transparencia, consenso e compromiso respecto das instalacións que deben comprender as futuras infraestruturas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, a situación do edificio e a negligencia da Xunta requiren dunha auditoría independente para avaliar o seu estado e de pechar preventivamente cando menos a parte na que se sucederon derrubes e incidencias nos últimos anos e reubicar os servizos.

En consecuencia, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que explicacións e responsabilidades políticas asume a Xunta de Galiza despois de que se suceda un novo e grave derrube no actual edificio materno infantil de Ourense?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 31/03/2025 12:19:35

Noa Presas Bergantiños na data 31/03/2025 12:24:31

Mercedes Queixas Zas na data 31/03/2025 12:25:04

Rosana Pérez Fernández na data 31/03/2025 12:25:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 31/03/2025 12:25:46

Iria Carreira Pazos na data 31/03/2025 12:26:21

Iria Taibo Corsanego na data 31/03/2025 12:26:48

Olalla Rodil Fernández na data 31/03/2025 12:29:43

Daniel Castro García na data 31/03/2025 12:30:00

Montserrat Valcárcel Armesto na data 31/03/2025 12:30:17

Iago Suárez Fernández na data 31/03/2025 12:30:34

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/03/2025 12:31:11

Sonia Vidal Lamas na data 31/03/2025 12:31:31

Secundino Fernández Fernández na data 31/03/2025 12:31:56

María Montserrat Prado Cores na data 31/03/2025 12:32:18

Alexandra Fernández Gómez na data 31/03/2025 12:32:46

Paulo Ríos Santomé na data 31/03/2025 12:33:03

Carmela González Iglesias na data 31/03/2025 12:33:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 31/03/2025 12:33:33

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 31/03/2025 12:33:50

Ariadna Fernández González na data 31/03/2025 12:34:11

Luis Bará Torres na data 31/03/2025 12:34:39

Óscar Insua Lema na data 31/03/2025 12:34:56

Ramón Fernández Alfonzo na data 31/03/2025 12:35:11

José Manuel Golpe Acuña na data 31/03/2025 12:35:22





A Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

Deseñada por Peter Eisenman e impulsada polo Goberno galego, no cumio do Monte Gaiás atópase a Cidade da Cultura de Galicia. Un fito arquitectónico contemporáneo dedicado ao coñecemento e á creatividade.

Cada ano, achéganse a este complexo cultural máis dun millón de persoas que buscan desfrutar da ampla súa oferta de actividades, que abarcan dende propostas culturais de renome ata traballos formativos, pasando por congresos, reunións, etc.

Para todos aqueles que, por un motivo ou outro, chegan a Santiago de Compostela a Cidade da Cultura converteuse nunha visita obrigada. As persoas visitantes poden acceder libremente durante todo o ano e incluso percorrer os exteriores: desde as Torres Hejduk ata a praza central e os impresionantes edificios, ademais do programa de visitas guiadas.

Dende logo, máis de 20 anos despois da colocación da súa primeira pedra, cómpre salientar que a Cidade da Cultura se ten convertido nun referente cultural non só de Galicia, senón de toda España, grazas ao traballo desenvolvido por institucións públicas e privadas que, en colaboración, desenvolven unha actividade amplamente recoñecida.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Que balance fai o Goberno galego da actividade da Cidade da Cultura de Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de marzo 2025.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 18:32:41

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 18:32:58

María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/03/2025 18:33:09

Cecilia Vázquez Suárez na data 20/03/2025 18:33:17

Víctor Baladrón Lamas na data 20/03/2025 18:33:35

José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 18:33:45

Julio García Comesaña na data 20/03/2025 18:33:55

Patricia García González na data 20/03/2025 18:34:06

Raúl Santamaría González na data 20/03/2025 18:34:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

O 19 de novembro de 2024 foi aprobado no Parlamento de Galicia o Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, logo dun amplo proceso de diálogo entre os principais actores do sector e a administración.

Coa intención de conciliar a cultura coa realidade das múltiples diferenzas que presentan as persoas, con especial atención naquelas que pertencen a colectivos cuxa desvantaxe social supón un verdadeiro atranco no ámbito cultural, naceu a Lei 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia 238 do 11 de decembro de 2024.

O texto, aprobado sen votos en contra, recolle no seu articulado o mandato para crear o Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia:

“Artigo 22. Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia

1. Crearase o Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia, como órgano colexiado de asesoramento e de participación institucional que dependerá da consellaría con competencias en materia de cultura, coa participación doutros órganos da Xunta de Galicia que se determinen regulamentariamente, en particular do competente en materia de política social, así como doutras administracións públicas, de entidades privadas do tecido asociativo cultural e das industrias culturais.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





2. Serán obxectivos do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia a observancia e o seguimento do cumprimento desta norma, a análise e avaliación das necesidades, a participación institucional e a emisión de propostas de actuación en materia de inclusión e de accesibilidade no conxunto de ámbitos da cultura de Galicia.”

Do mesmo xeito, a disposición derradeira primeira recolle o prazo para a creación do devandito órgano:

“Disposición derradeira primeira. Prazo para crear o Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, desenvolverase a normativa necesaria para crear o Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia.”

Cando non transcorreron nin tres meses desde a súa publicación, o Consello da Xunta, na súa reunión do 17 de marzo de 2025, informou sobre o inicio da tramitación do Anteproxecto de decreto polo que se regula a composición e funcionamento do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Que accións desenvolverá o Goberno galego para o impulso e a posta en funcionamento do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de marzo 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 18:43:07

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 18:43:21

Cecilia Vázquez Suárez na data 20/03/2025 18:43:42

José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 18:43:55

Víctor Baladrón Lamas na data 20/03/2025 18:44:06

Raúl Santamaría González na data 20/03/2025 18:44:16

Patricia García González na data 20/03/2025 18:44:30

Julio García Comesaña na data 20/03/2025 18:44:51

María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/03/2025 18:45:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández e Cristina Fernández Davila, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as axudas para a subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros escolares para o curso 2024-2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados agrarios, prevé dous réximes de axudas destinados a mellorar a distribución de produtos agrarios no alumnado de centros escolares. O primeiro réxime refírese á distribución de produtos dos sectores das froitas e hortalizas, das froitas e hortalizas transformadas e do plátano (programa de consumo de froitas e hortalizas nas escolas) e o segundo á distribución de leite e de produtos lácteos (Programa de consumo de leite nas escolas).

Posteriormente seguiron saíndo regulamentos europeos que incidían neste mesmo programa de incentivar o consumo de froitas e lácteos por parte das crianzas europeas.

Na actualidade existe unha tendencia descendente no consumo de froitas e hortalizas frescas e de leite de consumo, por iso os regulamentos comunitarios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

establecen a necesidade de centrar a distribución de forma prioritaria nestes produtos.

O datos oficiais indican que a evolución do programa de leite escolar nos últimos cursos amosa en Galiza unha tendencia á baixa, polo que cómpre darlle efectividade executando de xeito conxunto os programas de froita e de leite escolar.

No pasado agosto saíu publicada no DOG a *RESOLUCIÓN* do Fondo Galego de Garantía Agraria, *do 9 de agosto de 2024 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros escolares e se convocan para o curso escolar 2024-2025*, e posteriormente saíu publicada unha modificación da citada resolución na que se incidía neste programa.

Estas axudas fináncianse no 100% con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA). O Imposto sobre o valor engadido (IVE) será subvencionado coa axuda da Xunta de Galiza.

Estamos polo tanto ante un programa importante e que debера ter unha grande repercusión nos centros galegos, xa que pode participar o alumnado dos colexios de infantil e primaria, institutos e centros de formación profesional de grado medio. Xa que logo, é unha convocatoria dirixida á totalidade dos alumnos de Galiza.

O resultado dos centros e alumnado beneficiario que se acolleron a estas axudas para o consumo destes produtos foi mais ben discreto; aínda que os responsábeis da Xunta de Galiza sacaron peito indicando nos medios a boa acollida desta axuda neste curso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG non entendemos que si hai crédito orzamentario para estas axudas financiadas ao 100% polo FEAGA non se acolla un maior número de colexios e que podan acceder un maior número de nenas e nenos galegos.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora a Xunta de Galiza que non se acolleran máis centros a estas axudas e que medidas vai acometer para potenciar este programa nos centros escolares?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 20/03/2025 19:31:46

Cristina Fernández Davila na data 20/03/2025 19:31:50



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Víctor Baladrón Lamas, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante e esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia organizou, por primeira vez, feiras de emprego en Arxentina (Bos Aires) e Uruguai (Montevideo). Esta iniciativa piloto nace vinculada ao Retorna Cualifica Emprego, un programa incluído na Estratexia Galicia Retorna co que se busca favorecer o regreso a Galicia de persoas que emigraron ou dos seus descendentes con traballos ofertados en orixe da man de empresas galegas e clústeres, a través de contratos indefinidos.

O público obxectivo do programa Retorna Cualifica Emprego son persoas galegas residentes no exterior menores de 55 anos, que poderán volver a Galicia cun posto de traballo firme mediante un contrato laboral indefinido. En concreto, na nova edición que está en marcha, dotada con 2,3 millóns de euros, a previsión é beneficiar a uns 200 residentes no exterior ata finais deste ano, incorporando novos apoios para que poidan acceder máis facilmente a unha vivenda, entre outras accións de apoio. De feito, nesta edición, inclúense como novidade axudas destinadas a facilitar o acceso ao alugueiro de vivenda.

O Goberno galego aposta por un apoio integral ao retornado e á súa familia. Ademais do contrato laboral indefinido vinculado ao Programa Retorna Cualifica Emprego, garántese formación para complementar a cualificación profesional que precise o posto de traballo que van ocupar os retornados e das xestións para formalizar o correspondente contrato de traballo indefinido en Galicia.

Nestas feiras, de carácter pioneiro, estiveron presentes empresas e agrupacións industriais de sectores estratéxicos para Galicia como as TIC, o agroalimentario, a loxística, o metalmecánico ou o transporte, que tamén ofreceron postos de traballo e realizaron procesos de selección in situ.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da celebración das feiras de emprego na Arxentina e Uruguai?



Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 21/03/2025 11:07:48

Víctor Baladrón Lamas na data 21/03/2025 11:08:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/03/2025 11:08:18

Raquel Arias Rodríguez na data 21/03/2025 11:08:26

Nicole Grueira Fernández na data 21/03/2025 11:08:40

Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/03/2025 11:08:50

Argimiro Marnotes Fernández na data 21/03/2025 11:09:03

Ethel Vázquez Mourelle na data 21/03/2025 11:09:18

Maria Magdalena Perez Millares na data 21/03/2025 11:09:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lama, Ariadna Fernández González e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o sector ovino e a revalorización da lá en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector ovino en Galiza atravesa unha crise estrutural agravada pola falta de políticas específicas de apoio e a ausencia de medidas que garantan a súa viabilidade económica. Nos últimos anos observamos unha caída progresiva do número de explotacións que se enfrontan a enormes dificultades para manter a súa actividade. Entre as problemáticas máis graves atópase a falta dun sistema eficaz e rendible de recollida e valorización da lá de ovella, un subproduto que debería constituír unha fonte de ingresos complementaria para as explotacións e que, pola contra, representa un custo engadido.

O abandono da recollida organizada da lá en Galiza, xunto coa falta de industria transformadora que permita o seu aproveitamento, coloca ás gandeiras e gandeiros nunha situación de indefensión. A día de hoxe, a maior parte da lá prodúcese sen unha canle de comercialización viable, sendo en moitos casos considerada un residuo que debe ser eliminado polas propias explotacións, xerando custos adicionais e unha maior carga burocrática.

A inacción da Xunta de Galiza nesta materia representa unha nova mostra da falta de compromiso co sector primario galego e coa economía rural. Mentres noutras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunidades autónomas e países europeos se impulsan estratexias para a valorización da lá como materia prima para téxtil, bioconstrución ou mesmo fertilización agrícola, en Galiza seguimos sen unha política que permita o seu aproveitamento. Isto contribúe á perda de competitividade do sector ovino e desincentiva a continuidade das explotacións.

Neste contexto, e coa finalidade de apoiar a viabilidade das explotacións ovinas, asegurar a xestión sustentable da lá e fomentar a súa valorización como recurso produtivo.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que estratexias e medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para garantir a viabilidade e o desenvolvemento do sector ovino, asegurando a súa rendibilidade, a súa adaptación ás novas esixencias produtivas e a valorización dos seus produtos, como a lá, dentro dun modelo sustentable e de apoio ao rural galego?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2025

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**

Ariadna Fernández González

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 21/03/2025 12:09:21

Ariadna Fernández González na data 21/03/2025 12:09:26

Secundino Fernández Fernández na data 21/03/2025 12:09:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de reformar o CEIP O Cruce de Cerceda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 20 de marzo, o vento levantou a cuberta do CEIP O Cruce de Cerceda, motivo polo cal foi preciso suspender as aulas polo perigo que supuña o acceso. Este centro acumula diversas eivas estruturais, como reclama desde hai tempo a comunidade educativa: pingueiras (que fan que nalgúnhas aulas sexa preciso usar caldeiros para recollelas) ou filtracións que provocaron problemas en paredes e fixeron caer falsos teitos nalgúnha ocasión.

Todo isto fai que sexa preciso acometer unha reforma xeral de reacondicionamento do centro, o acontecido o pasado día 20 fai cada vez máis urxente.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

O goberno galego ten previsto reformar o CEIP O Cruce de Cerceda para corrixir os diversos problemas estruturais que sofre o centro, agravados polo desprendemento da cuberta dos pasados días?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iria Taibo Corsanego

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 21/03/2025 13:07:47

Cristina Fernández Davila na data 21/03/2025 13:07:54



A Mesa do Parlamento

María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Dentro do compromiso xeral do Goberno galego por impulsar as políticas sobre vivenda ao longo da presente lexislatura, inclúense tamén aquelas iniciativas dirixidas a mellora a súa accesibilidade.

A Xunta de Galicia ven convocando, periodicamente, o programa de incentivos cos que apoiar aquelas obras e adaptacións necesarias para facilitar o uso das vivendas e a calidade de vida de persoas con mobilidade reducida ou con discapacidade.

As axudas permiten o financiamento de obras e instalacións que contribúan a eliminar barreiras arquitectónicas, facilitar o acceso ou favorecer a autonomía e a mobilidade tanto en construcións unifamiliares, como en edificios de tipo residencial colectivo e nas vivendas que os integran.

Ademais, as actuacións poderán realizarse non só dentro dos inmobles senón tamén nos espazos comúns, como xardíns ou zonas deportivas, e nos que serven para comunicalos co exterior.

Poderán beneficiarse destes apoios da Xunta as persoas propietarias ou usufrutuarias ou inquilinas dos inmobles, comunidades veciñais, sociedades cooperativas e empresas construtoras, propietarias ou arrendatarias dos edificios.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son as principais características da nova convocatoria, activada pola Xunta de Galicia, de axudas de accesibilidade en vivendas?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Deza Martínez na data 21/03/2025 16:13:26



Cristina Campero Dorado na data 21/03/2025 16:13:44

José Luis Ferro Iglesias na data 21/03/2025 16:13:57

Rubén Lorenzo Gómez na data 21/03/2025 16:14:10

Argimiro Marnotes Fernández na data 21/03/2025 16:14:28

Carmen Pomar Tojo na data 21/03/2025 16:14:43

Roberto Rodríguez Martínez na data 21/03/2025 16:14:59

Gonzalo Trenor López na data 21/03/2025 16:15:14

Katherinie Varela Fernández na data 21/03/2025 16:15:29



A Mesa do Parlamento

Patricia García González, Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia anunciou un investimento de 2 millóns de euros para a transformación do histórico edificio Gota de Leite de Vigo nun centro de atención integral ás familias.

Este proxecto prevé a ampliación da escola infantil, a creación dunha unidade de atención temperá e a posta en marcha da primeira unidade de atención postemperá pública de Galicia, o que supón un avance significativo na mellora dos servizos sociais e educativos para a infancia e as familias viguesas.

Este proxecto representa unha gran oportunidade para mellorar a conciliación e o benestar das familias viguesas, ao ofrecer novos servizos de apoio á infancia nun espazo emblemático da cidade.

Por este motivo, os deputados asinantes, fomulan a seguinte pregunta en Pleno:

Qué impacto terá a transformación do histórico edificio Gota de Leite de Vigo nun centro de atención integral ás familias?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 21/03/2025 16:19:51

Raquel Arias Rodríguez na data 21/03/2025 16:20:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/03/2025 16:20:21

Víctor Baladrón Lamas na data 21/03/2025 16:20:31



Nicole Grueira Fernández na data 21/03/2025 16:20:41

Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/03/2025 16:20:53

Argimiro Marnotes Fernández na data 21/03/2025 16:21:06

Noelia Pérez López na data 21/03/2025 16:21:22

Ethel Vázquez Mourelle na data 21/03/2025 16:21:43

Maria Magdalena Perez Millares na data 21/03/2025 16:21:56



A Mesa do Parlamento

Patricia García González, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Miguel Fidalgo Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A cidade de Vigo conta cun amplo tecido asociativo que precisa espazos axeitados para desenvolver as súas actividades. Para dar resposta a esta necesidade, a Xunta de Galicia proxectou a rehabilitación integral do edificio dos antigos xulgados da rúa Lalín, co obxectivo de convertelo nun Centro de Asociacionismo.

Este proxecto conta cun investimento de 18,7 millóns de euros, financiado a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER Galicia 2021-2027), e permitirá a creación de máis de 100 espazos para entidades sociais, dos cales xa hai máis de 70 solicitudes de ocupación por parte de colectivos vigueses.

A Xunta de Galicia licitou as obras en agosto de 2024, e o Concello de Vigo concedeu a licenza de obra en novembro do mesmo ano. Sen embargo, en xaneiro de 2025, a Xerencia de Urbanismo do Concello suspendeu a licenza, alegando que o edificio está rexistrado como de titularidade municipal, a pesar de que a Xunta defende que a parcela e o inmovible foron transferidos polo Estado á administración autonómica en 1994.

Esta suspensión bloquea un proxecto de gran importancia social, que dotaría a Vigo dun centro de referencia para o asociacionismo e impulsaría a actividade económica e social no barrio. Ademais, este centro prevese que estea xestionado de maneira conxunta entre a Xunta de Galicia e a Xunta de Ourense, fortalecendo a cooperación interadministrativa e garantindo unha xestión eficiente do espazo.

O goberno local de Vigo manifestou de maneira explícita o seu rexeitamento ao proxecto, a pesar da súa evidente demanda por parte do tecido social da cidade. Esta actitude de bloqueo prexudica directamente ás entidades que levan anos reclamando un espazo para desenvolver a súa labor.

Dada a importancia deste proxecto para o asociacionismo de Vigo, resulta imprescindible que o Concello desbloquee a situación e permita o avance das obras, en beneficio do interese xeral e do conxunto da cidadanía.



Polo exposto, ante esta evidente necesidade e pola preocupación que desperta, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En qué situación se atopan as obras do edificio dos antigos xulgados da rúa Lalín, de Vigo, có obxectivo de convertelo nun Centro de Asociacionismo, por parte da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 21/03/2025 16:28:46

Paula Prado del Rio na data 21/03/2025 16:29:03

Julio García Comesaña na data 21/03/2025 16:29:16

Miguel Fidalgo Iglesias na data 21/03/2025 16:29:29

Argimiro Marnotes Fernández na data 21/03/2025 16:29:40

Paula Mouzo Mas na data 21/03/2025 16:29:52

María Felisa Rodríguez Carrera na data 21/03/2025 16:30:04

Roberto Rodríguez Martínez na data 21/03/2025 16:30:12

Katherinie Varela Fernández na data 21/03/2025 16:30:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Noa Presas Bergantños e Ariadna Fernández Gónzalez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de implementar a materia Educación Sexual Integral (ESI) nos centros educativos en etapas obrigatorias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través dunha enquisa anónima e voluntaria, máis de 450 adolescentes de entre 13 e 20 anos dun centro público de Pontevedra responderon no ano 2022 a 61 cuestións relacionadas cos seus coñecementos e prácticas sexuais. O uroandrologo Manuel Varela e o xefe de Medicina Preventiva do Sergas en Pontevedra Javier Paz, coa colaboración da Sociedade Galega de Sexoloxía (SoGaSex), foron os responsables desta pescuda hai tres anos, cuxos resultados e análise están pendentes de publicación en RIA (Revista Internacional de Andrología, Medicina Sexual y Reproductiva).

O obxectivo desta enquisa era observar e coñecer os cambios producidos desde o anterior estudo, realizado por SoGaSex doce anos antes, a máis de 300 adolescentes do mesmo centro público de Pontevedra.

Posteriormente, no pasado ano 2024, un equipo de especialistas de SoGaSex deseñou un cuestionario inspirado nestes anteriores para elaborar a “Enquisa escolar dirixida a familias sobre educación sexual”, a primeira realizada na Galiza, co obxectivo de coñecer as opinións, actitudes, coñecementos e suxestións sobre este tema, así como a súa percepción de como se está a educar neste eido rapazas e rapaces.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre as conclusións máis salientables na enquisa de 2022 entre as adolescentes, podemos comentar que desde 2010 até agora duplicouse a porcentaxe de mozas e mozos que recorren a Internet para informarse sobre sexualidade, pasamos do 30,8% ao 64,7%, co risco que isto supón porque remata sendo a pornografía a súa escola para as relacións amorosas; de feito, a partir dos 12 anos acceden a este material de xeito habitual observándose unha grande diferenza entre eles e elas, xa que os mozos duplican a consulta de material pornográfico que as mozas, 74,6% e 39,3%, e din que o fan para mellorar as súas relacións.

A mocidade busca en Internet a información e a formación que os ámbitos escolar e familiar deberían proporcionarlles, pero que non o fan, tal e como manifestan nas súas respostas, onde a familia vai detrás das amizades, internet e redes sociais e a valoración que teñen neste aspecto do centro educativo resulta penosa. Só un 22,5% considera que é boa ou suficiente, fronte a un 80% de hai doce anos.

Un 13,9% de mozas responden que a primeira relación coital foi sen o seu consentimento e un 13,8% recoñecen ter sufrido algún tipo de abuso sexual. Ademais, un 20,8% do alumnado afirma ter presenciado eses abusos, e á pregunta de se reaccionaron, un 19,5% di non saber onde acudir ante dúbidas e problemas neste eido.

Manifestan un rexeitamento maioritario á violencia de xénero, porén, un 11,6% de mozos non a teñen en consideración e un 2,8% das mozas tampouco. Actualmente a nosa mocidade está en peor situación de risco e vulnerabilidade, ademais de non gozar, en moitos casos, dunha sexualidade plena. Pola contra, é máis libre declarando a súa identidade, e se observa unha maior liberdade e desenvolvemento da sexualidade feminina.

O 90% do alumnado enquisado reclama unha educación sexual sen prexuizos, inclusiva, científica e non moralista en todas as etapas educativas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sogasex acaba de dar a coñecer o pasado mes o resultado do Estudo sobre o cuestionario cuberto por case 1000 familias arredor das preocupacións e demandas das mesmas, así como do profesorado e da importancia que teñen ambos nas distintas etapas educativas que inflúen no desenvolvemento da sexualidade das crianzas e adolescentes ao longo das diferentes etapas educativas.

O resultado amosa que o 80% das familias considera que se debe impartir educación sexual no ensino, para evitar perigos e compensar os casos onde non se tratan estes temas dentro do ámbito familiar. Ademais un 74,31% considera que debe abranguer á totalidade das etapas educativas.

Consideran maioritariamente que familias e profesionais son as persoas máis indicadas para falar de sexualidade coas e cos menores, e tamén o profesorado.

Se o 68,58% das familias recoñecen que a información sobre sexualidade chegoulles a través de conversas con amizades, na actualidade as súas fillas e fillos fan consultas a través das TICs, unha nova situación que require maior incidencia das familias e do profesorado ou profesionais.

Estas consultas dixitais derivan no consumo da pornografía. Un 14% recoñecen que os seus fillos e fillas consomen porno en internet. A pornografía é totalmente de balde na actualidade, de libre acceso e pódese atopar nos buscadores ou nas aplicacións de mensaxería, onde os e as adolescentes intercambian estes contidos entre eles e elas.

Pese a que moitas familias (o 54%) manifestan falar abertamente sobre moitos temas relacionados coa sexualidade hai un 41% de familias que recoñece que o fai poucas veces e un 5% non o fan nunca. Seleccionan os temas priorizando a prevención de abusos e violencias sexuais, as ETS (enfermidades de transmisión sexual), a sexualidade responsable e o consentimento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero o máis positivo é que a maior parte das familias están dispostas a participar na educación sexual a través de obradoiros organizados polos centros de ensino, para poder axudar á formación en sexualidade das súas fillas e fillos.

Un 87% das respostas son de mulleres entre 40 e 50 anos, o que amosa que dentro das familias, son as persoas máis preocupadas pola formación en sexualidade das crianzas e adolescentes.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP para dotar da formación sobre Educación Sexual Integral que precisa o alumnado galego, en etapas obrigatorias, nos centros de ensino tendo en conta a implicación da Inspección Educativa, familias e profesionais?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2025

Asdo.: Cristina Fernández Davila

Noa Presas Bergantiños

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 24/03/2025 10:04:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 24/03/2025 10:06:41

Ariadna Fernández González na data 24/03/2025 10:06:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Carmela González Iglesias e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as previsión da conclusión das obras de acondicionamento do edificio da Praza de Abastos núm.1 de Ourense e a súa entrada en funcionamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As prazas de abastos son espazos tradicionalmente destinados para a venda directa polos produtores locais, polo que esencialmente o que se comercializan son produtos frescos, de k.m 0, de tempada e de alta calidade. Xa que logo fomenta tanto o comercio local, como a economía circular e a produción sustentábel.

A remodelación da Praza de Abastos núm.1 de Ourense reclamada dende décadas e iniciada hai xa máis de 6 anos exemplificada a xestión que padece a cidade e a cidadanía de Ourense.

O proxecto de rehabilitación da Praza de abastos e da súa contorna que ben parece pensaba exclusivamente no continente mais non no contido, obviando os usos principais e complementares aos que se ían destinar o edificio. Así, a día de hoxe o espazo non está distribuído en postos, non hai previsión de instalacións eléctricas, con cableado ou contadores individualizados. Os elevadores non chegan directamente dende a zona de carga ate os espazos destinados a mercado sen do preciso a realización de transbordo, sen que exista itinerarios diferenciados para mercadorías ou lixo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco a planificación foi maior en relación coa mellora da accesibilidade e conectividade do edificio, ou coa urbanización e humanización da contorna do espazo no que se ubica; unha das zonas máis visitas de Ourense, dentro do BIC das Burgas.

A execución das obras de rehabilitación e reforma non só é que se prolonguen durante máis de 6 anos, nos que os praceiros, contra a súa vontade, foron trasladados á Alameda de Ourense, estando ocupando un dos poucos espazos verdes de lecer cos que conta a cidade de Ourense; non só é a nefasta xestión do (des) goberno municipal cústase a cidadanía case 4 millóns de euros, pola perda das achegas concedidas con cargo ao 1,5 % cultural, da que houbo que devolver -con xuros- a parte percibida, por non presentar documentación en prazo; o máis grave é que non existen visos de finalización das e entrada en funcionamento da Praza, nin tampouco da remodelación e acondicionamento dun espazo tan emblemático e representativo desta cidade.

En outubro de 2024 o Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade unha Proposición Non de Lei na que se acordaba instar á Xunta a:

- *Impulsar, co consenso preciso coa Asociación de comerciantes e o Concello de Ourense, a aprobación dun plan funcional definitivo para a futura distribución comercial.*
- *Que pacte os compromisos económicos que vai asumir para a súa execución do Plan funcional.*
- *Que se produza a coordinación precisa para poder continuar coa seguinte fase das obras.*
- *Que no prazo máximo de tres meses a Dirección Xeral de Patrimonio emita informe sobre a viabilidade da construción dunha pasarela peonil que permita o acceso dende a rúa Progreso á Praza de Abastos.*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6 meses despois do acordo parlamentario transcrito non só é que non conste avance na conclusión das obras e entrada en funcionamento do mercado, ou na urbanización e mellora da zona, é que as novas que chegan son de paralización e falta total e absoluta de acordo entre Concello, Xunta de Galiza e Asociación de Comerciantes, anunciando que tamén neste ámbito a cidade vai seguir estando paralizada.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o estado das negociacións da Xunta de Galiza co Concello de Ourense e coa Asociación de Comerciantes, e que previsións manexa a Xunta de Galiza para a conclusión e entrada en funcionamento da Praza de Abastos núm.1 de Ourense?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Ariadna Fernández González

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/03/2025 12:09:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 24/03/2025 12:10:19

Noa Presas Bergantiños na data 24/03/2025 12:10:41





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A situación dos investigadores predoctorais en Galicia é especialmente preocupante. Moitos destes estudantes vense na necesidade de afrontar non só as limitacións económicas, senón tamén as dificultades para acceder a oportunidades de formación e investigación de calidade. Segundo InvestiGal - Rede galega pola investigación, a distribución das bolsas de doutoramento ofertadas pola Xunta de Galicia presentan graves carencias. Denuncian como a falta de transparencia nos criterios de concesión e a arbitrariedade nas notas de corte limitan o acceso a moitos investigadores con gran potencial.

A Xunta de Galicia tennos acostumados a unha súa falta de apoio real aos investigadores predoctorais, que se ven obrigados a traballar en condicións precarias. Moitos doutorandos non reciben o salario correspondente ao traballo que realizan, e mesmo algúns chegan a traballar de xeito gratuíto por non teren acceso ás bolsas e non só por non ter a nota necesaria, senón tamén polos retrasos inxustificables na tramitación e concesión das bolsas.

Este escenario non só afecta a súa calidade de vida, senón tamén a súa capacidade para dedicarse plenamente á investigación. A falta de recursos e de estabilización laboral tamén provoca unha “fuga de cerebros” en busca de mellores condicións en outras comunidades autónomas ou no estranxeiro.

Ademais, o sistema de bolsas actual está vinculado á idea de excelencia e non atendendo á realidade de que non todos os estudantes dispoñen das mesmas posibilidades formativas nin das mesmas condicións económicas ao longo da





súa formación de grao e mestrado, obrigando en moitos casos á compatibilización do traballo cos estudos. Esta excelencia entra en conflito coa propia matriculación nos programas de doutoramento, ó nin sequera esixir nota de corte o contrario que noutros estudos universitarios. Esta falta de respaldo institucional prexudica a diversidade e a inclusión no ámbito investigador, limitando as oportunidades para aqueles que non pertencen a familias con recursos.

A solución pasa por repensar as políticas públicas e garantir que as bolsas de investigación non sexan só un símbolo de excelencia académica, senón tamén unha ferramenta que permita a accesibilidade a todos os estudantes, independentemente da súa renda, que teñen vocación de seguir no mundo da investigación. Debería establecerse un sistema máis equitativo e transparente, co obxectivo de proporcionar unhas condicións laborais dignas que permitan aos investigadores predoutorais traballar na súa formación e contribuír ao progreso do coñecemento sen ter que renunciar á súa calidade de vida.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Valora o Goberno galego reformar as bolsas predoutorais, mellorando así as oportunidades e a situación precaria do estudiantado predoutoral, atendendo dunha vez á realidade do persoal investigador universitario?

Santiago de Compostela, 25 de marzo do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2025 12:47:27
Nº Rexistro: 22215
Data envío: 24/03/2025 12:47:27.459

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 24/03/2025 12:42:59

Silvia Longueira Castro na data 24/03/2025 12:43:11

CSV: BOPGDSPG-PGJ1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

76518

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de dotar de seguridade ao alumnado nos vehículos destinados a transporte escolar en etapas obrigatorias e postobligatorias para que teñan reserva de praza e non fagan o percorrido da liña de pé.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Moitas son as Federacións e ANPAs galegas que teñen trasladado un problema que preocupa aos pais e nais do alumnado usuario do transporte escolar.

Existen na actualidade liñas de autobuses de transporte escolar competencia do Goberno da Xunta de Galiza a través da Consellería de Educación, con mais demanda que oferta, onde se mesturan alumnos, con outros colectivos con tarxeta gratuíta, con peregrinos, ou viaxeiros ocasionais. Isto acontece a partir da aprobación da Resolución do 8 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se dera publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de xaneiro de 2019 e polo que se autorizaba a integración das diferentes modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galiza para facilitar a optimización deste servizo público, no marco do procedemento para a implantación do Plan de Transporte Público de Galiza.

En dita disposición garántese a atención prioritaria dos colectivos de escolares, mantendo e mellorando os niveis de calidade e prestación de servizos preexistentes, dando así cumprimento aos mandatos do artigo 79.2 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, e facilitando que a rede de transporte público regular de uso xeral presente unha oferta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

real alternativa ás diferentes redes dedicadas a colectivos singulares como o escolar, que actualmente mantén a Xunta de Galiza, mais a realidade é ben distinta, pois dende hai tempo atopámonos que os autobuses veñen cheos e os escolares cando suben ao transporte na súa parada non atopan asentos baleiros e deben ir de pé todo o traxecto.

Normativa como o Real Decreto 443/2001 do 21 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores ou o Real decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu artigo 117 establece a obrigatoriedade de uso por parte dos pasaxeiros de máis de tres anos de idade do cinto de seguridade ou outros sistemas de retención homologados nos vehículos destinados ao transporte de persoas de máis de nove prazas, cintos que deben estar dispoñibles en todos aqueles autobuses que fosen matriculados a partir de outubro de 2007, regulan as condicións de seguridade no transporte escolar, xunto con outros Reais Decretos, leis e Resolucións da Dirección Xeral de Mobilidade.

No mesmo RD 443/2001 tamén figuran outras disposicións que reflicten a importancia de cumprir certas normas de seguridade como son as seguintes:

- Art. 4.1.4ª: “Os asentos enfrontados a pozos de escaleira, así como os que non estean protexidos polo respaldo doutro anterior a unha distancia horizontal máxima de 80 cms., deberán contar cun elemento fixo de protección que proporcione aos seus ocupantes un nivel suficiente de seguridade...”
- Art. 4.1.12: “Cada menor disporá da súa propia praza ou asento, que deberá ter as dimensións mínimas determinadas...”
- Art. 4.1.18: “Si a visibilidade directa non é suficiente, instalaranse dispositivos ópticos que permitan ao condutor detectar dende o seu asento a presenza dun viaxeiro nos arredores inmediatos, tanto exteriores como interiores, das portas de servizo...”
- Art. 4.3.4ª: “Unicamente poderase transportar unha persoa por praza”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Art. 8.1: “O acompañante deberá ocupar praza nas inmediacións da porta de servizo central ou traseira”.

Polo tanto esta normativa deixa claro que o transporte escolar está pensado para que cada alumno/a, incluso a persoa que exerce a función de “Acompañante” en etapas de Infantil e Primaria teñen un asento individual e ademais obriga a dotar de medidas que dean maior seguridade aquelas prazas que están nun espazo máis próximo as portas de acceso ao vehículo, non sendo acaído que as persoas estean fóra do seu asento. Máis é certo que o artigo 48.1.b) do Regulamento xeral de circulación establece que “b) Para os vehículos que realicen transporte escolar e de menores ou que transporten mercadorías perigosas, reducirase en 10 quilómetros por hora a velocidade máxima fixada no parágrafo a) en función do tipo de vehículo e da vía pola que circula”.

No caso de que nun autobús viaxen pasaxeiros de pé porque así estea autorizado ou no caso de que o autobús non estea dotado de cinto de seguridade, a velocidade máxima en vías convencionais será de 80 quilómetros por hora. Cando cremos que nun vehículo de transporte de persoas, parece que todas elas deberían ir sentadas e levar o cinto de seguridade, pois a realidade nos demostra que non, que estas poden ir de pé, como acontece no transporte urbano. E isto pasa porque o goberno da Xunta permite que nalgúns casos nos autobuses de 50 prazas poidan ir persoas de pé, sen ningún tipo de mecanismo de seguridade que impida moverse en caso de accidente.

Esta situación vense denunciando polas familias das persoas usuarias e polas ANPAs dende hai moito tempo, sen que a consellería adopte unha solución, permitindo por interese da empresa concesionaria unha situación que nunca deba pasar, pois os contratos públicos de transporte obrigan a reservar as prazas dos escolares no autobús, porque cobran por elas, e polo que estes deberan ter sempre praza nese transporte mixto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Garda Civil de Tráfico ten parado ocasionalmente algún dos autobuses pero debe deixalos continuar a súa ruta tras comprobar que contan con toda a documentación necesaria para transportar viaxeiros de pé, a pesar de non estar adaptado para iso.

Existe un “Manual de Bos Hábitos para as Persoas Usuarias do Transporte de Escolares” que lembra as medidas de seguridade para todas as persoas usuarias e, sobre todo do alumnado, que se concreta nos protocolos de bos hábitos que todas as persoas usuarias deben coñecer para previr riscos en beneficio do benestar de todos/as. Pero o mesmo manual debera aplicarse a todos os usuarios, acudan á escola obrigatoria ou non, porque ademais de ser recomendable, tamén é obrigatorio de acordo coas disposicións do RD 443/2001 do 21 de abril, antes nomeadas, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Consellería modificar a normativa galega para prohibir que os usuarios de transporte interurbano poida ir de pé nos autobuses e así evitar esta situación que provoca inseguridade nos escolares e nos usuarios?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 04/11/2024 09:41:38

Paulo Ríos Santomé na data 04/11/2024 09:42:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as instrucións da Consellería de Educación dirixidas ás direccións dos centros educativos para denegar o acceso á información sobre os datos do curso actual.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados de outubro a Confederación ANPAs Galegas denunciaba publicamente o que estaba acontecendo nos centros educativos da provincia de Lugo. Unha situación que reflectía o escuran-tismo do Goberno da Xunta a través da Consellería de Educación.

É ben coñecida en todo o País a situación das familias con fillos e fillas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo dentro dos centros escolares. A falta de profesorado de apoio, especialistas de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Coidadores/as, etc. é evidente en todas as escolas e institutos. Saen en prensa a diario casos concretos que levan dende comezos de curso, hai dous me-ses, reclamando unha atención que por lei correspóndelles e que a Consellería de Educación está a denegar baseando a súa decisión en catálogos de persoal e outras cuestións menores que non serven como argumento para explicar a toma desta decisión errada. Este alumnado carente dos apoios que precisa para avanzar neste curso escolar, permanecerá frustrado e excluído, sen entender porqué ago-ra non se poñen os recursos necesarios para que poidan estar dentro das aulas en igualdade de condicións co resto dos seus compañeiros/as.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As ANPAs levan meses mobilizándose nos centros educativos e na rúa, nas súas vilas, nas grandes cidades e a última multitudinaria o pasado 26 de outubro en Santiago de Compostela, onde milleiros de persoas entre familias, docentes e alumnado reclamaban un dereito a unha atención individualizada para aqueles nenos e nenas e adolescentes máis vulnerables e con maiores necesidades de apoios e reforzos. Un dereito recollido na Constitución e na Lei de Diversidade.

Pero tamén é función das ANPAs reclamar oficialmente esta cuestión básica para un 30% do alumnado matriculado na actualidade. É dicir, ante a administración competente, a Consellería de Educación, ante as Direccións Territoriais en cada provincia, ante o Defensor do Menor ou a Valedora do Pobo.

Para iso precisaban datos máis concretos, todos eles que deberan aparecer na páxina de transparencia da Xunta ou da Consellería e non están, ou que deberan ser facilitados en cada centro educativo con respecto aos seus propios datos de matrícula, de número de alumnado NEAE, catálogo numérico de docentes adscritos de xeito estable ou necesidades reais en profesorado de apoio ou especialistas para o alumnado máis vulnerable, e se deben estar adscritos ou só é un reforzo puntual. É dicir, precisaban ter coñecemento claro da situación educativa en cada centro, para despois poder facer a reclamación pertinente. Todos eles datos xerais e numéricos que non eran contrarios á Lei de Protección de Datos.

Esta pequena investigación que facían as Asociacións de Nais e Pais estaba a pór en evidencia a falta de recursos educativos actuais nos centros, en contraposición con meses e meses de propaganda e autobombo do PP na Xunta en todos os medios de comunicación, do maior número de profesorado na historia do noso País.

Unha maneira de poñer freo a esta mobilización e reclamación destas asociacións foi enviar dende as Inspeccións Educativas a todos os seus centros de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

referencia na provincia de Lugo primeiro, e poste-riormente a outras provincias, un escrito dirixido ás direccións dos centros educativos.

Neste escrito a Inspección daba “instrucións” claras de como as direccións dos centros deben proce-der diante da solicitude de información que lles realizan as ANPAs. Falamos de impedir, dificultar ou dilatar o acceso da sociedade xeral aos datos non privados que definen a normalidade dun centro escolar e que se están a demandar.

Non só atenta contra a normativa de transparencia para pretender lograr o efecto contrario ao que esta normativa pretende, senón que pretende impedir concretamente á ANPA, un membro nato do Consello Escolar, o principal órgano de goberno democrático dun centro escolar, o acceso á informa-ción que lle permite desenvolver as súas funcións de participación marcadas na normativa educativa.

En conclusión, a instrución pretende evitar que a información real chegue ao coñecemento de quen pode e quere utilizala na crítica responsable dun sistema que cada curso entorpece máis a inclusión, a igualdade e as oportunidades vitais do alumnado máis vulnerable.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións vai impulsar a Consellería de Educación para facilitar que as ANPAs obteñan a información que lles permita desenvolver as súas funcións de participación marcadas na normativa educativa?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 04/11/2024 09:29:45

Ariadna Fernández González na data 04/11/2024 09:30:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o caos e os problemas xerados polo novo organigrama de goberno en cuanto ás competencias en materia de ordenación territorial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, determina que o goberno galego ten a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda. En virtude do mesmo aprobouse, primeiro, a *Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia* e, posteriormente, a *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*.

En ditas normas queda recollida a necesidade de realizar un tratamento integral do territorio, tanto na harmonización das distintas escalas espaciais da planificación, como das múltiples instancias e materias da xestión pública que abarca. Así, a exposición de motivos da lei en vigor especifica no capítulo primeiro o seguinte:

“Á ordenación do territorio, pola forza mesma dos principios de que trae causa, correspóndelle o papel integrador das distintas perspectivas e a consecución dunha visión superadora da parcialidade inherente a estas, determinando o seu carácter organizador das funcións sectoriais, presidido pola idea central dos principios de colaboración e cooperación. A globalidade do fin perseguido demanda primordialmente a articulación dunha política pública integrada, capaz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de darlle satisfacción, e isto, no marco dun ordenamento xurídico complexo e dun Estado baseado na existencia de varias instancias territoriais dotadas de poder político, exige a articulación dos procesos de decisión nun dobre sentido: asegurando a necesaria integración das políticas sectoriais no seo de cada instancia territorial e establecendo os eixes de interconexión das distintas instancias territoriais entre si.”

“A lei explicita o tratamento integral do territorio, de xeito que, ao tempo que harmoniza todas as escalas espaciais da planificación, establece mecanismos de avaliación dos aspectos ambientais, territoriais, paisaxísticos, económicos e sociais, contribuíndo a unha maior eficiencia do feito planificador.”

A visión integral da Ordenación do Territorio constitúe en eixo fundamental da disciplina. Existe un consenso académico de décadas sobre esta cuestión que se traduce, por exemplo, na Carta europea de ordenación do territorio de 1983, que conceptúa a ordenación do territorio como “a expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda sociedade” e defínea como “unha disciplina científica, unha técnica administrativa e unha política concibida como un enfoque interdisciplinario e global cuxo obxectivo é un desenvolvemento equilibrado das rexións e a organización física do espazo segundo un concepto reitor”, ademais de establecer unha serie de obxectivos fundamentais da política territorial. Tamén na propia Constitución Española que consagrou a Ordenación do Territorio como unha materia distinta e diferenciada de calquera outra.

Por iso na conformación dos distintos gobernos da Xunta, a ordenación do territorio obtivo sempre un rango de Consellería, onde se incluían todas as competencias que xiraban ao redor da mesma. Se ben é certo que a acción resultante destes gobernos priorizou unha visión da ordenación baseada na planificación sectorial, especialmente ligada ás cuestións económicas, cando menos a estrutura do goberno permitía reunir





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

baixo unha mesma consellería a toma de decisións, o proceso técnico administrativo e a capacidade normativa de boa parte dos aspectos centrais para que se puidese producir, de ter vontade, unha verdadeira política transversal coordinada, ao estilo do que teñen noutros países europeos.

Pero todo isto quebrouse na conformación do novo goberno da Xunta de Galiza en 2024, en que por vez primeira na historia da autonomía, non hai ningunha Consellería de planificación territorial. Podería pensarse que isto vén dado por unha priorización doutras materias sobre esta, pero os motivos van moito máis alá. Non só desaparece a Consellería, senón que nas direccións de rango inferior prodúcese esa mesma laminación da planificación territorial. Se no último goberno existía unha Dirección Xeral de ordenación do territorio e urbanismo, cunha subdirección xeral de ordenación do territorio, un servizo de ordenación territorial e un servizo de autorizacións e informes sectoriais. No novo goberno nin tan sequera existe xa unha Dirección Xeral ou Secretaría Xeral con competencias en planificación territorial.

O que decidiu o novo presidente da Xunta de Galiza é a aniquilación mesma da planificación territorial como materia. Con todo, resulta complicado borrarla por completo, en tanto que é unha materia específica que se desenvolve en toda a arquitectura normativa. De forma que o presidente da Xunta toma unha segunda decisión que é a fragmentación caótica e artificial das competencias propias en materia de ordenación territorial en 3 consellerías distintas.

Así, no novo organigrama desaparecen todas as referencias á planificación territorial e só algunhas das súas atribucións específicas se reparten entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Vivenda e Planificación de Infraestruturas e Economía e Industria. Igualmente as entidades anteriormente vinculadas á Dirección Xeral de ordenación do territorio e urbanismo como son a IET, o IGVS e a APLU, son repartidas polas distintas consellerías.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático fica con algunhas competencias ligadas á planificación territorial como son a ordenación do litoral e a promoción da paisaxe, aínda que non exista ningunha Dirección Xeral orientada a tal fin. En concreto vai ser a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio climático a que asuma as competencias en materia de ordenación do litoral “Sen prexuízo das que estean atribuídos a outros órganos”. Máis concretamente será a Subdirección Xeral de Cambio climático e de Ordenación do Litoral a través dun Servizo de Xestión do Litoral que acolla estas funcións.

En cuanto ás competencias relativas á xestión da paisaxe non existe ningún centro directivo, nin subdirección xeral ou servizo que asuma esta tarefa e fican limitadas ao papel do Instituto de Estudos do Territorio e ao órgano colexiado do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia. Igualmente quedan adscritas tamén a esta Consellería a Comisión de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galiza, a comisión de coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica ou a Comisión Interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia.

Doutra banda a Consellería de Vivenda e Planificación das Infraestruturas corresponden competencias en materia de vivenda, urbanismo e as funcións en materia de ordenación do territorio, excepto as relacionadas coa ordenación do litoral, e, en concreto, as previstas no artigo 11.4 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia. Porén desaparece da súa denominación toda referencia á ordenación do territorio. Así, o que no anterior goberno se denominaba como Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo pasa a converterse en Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, cunha dirección xeral de Urbanismo. Non hai nin centros directivos, nin subdireccións xerais, nin servizos que fagan referencia no seu título ás competencias en planificación territorial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai que entrar nas atribucións concretas da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo definidas na normativa, para atopar algunha referencia ás competencias en materia de planificación territorial e de utilización racional do solo, que se prescriben de forma moi limitada a funcións como a elaboración de informes respecto dos instrumentos de ordenación do territorio, o seguimento, arquivo e rexistro dos instrumentos aprobados ou a emisión de informes que correspondan ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio. É dicir limitado nas súas capacidades de impulso e de vocación de desenvolvemento de instrumentos de planificación territorial.

A pesar de que as atribucións son mínimas, tendo en conta as que se lle asignan a esta Consellería en materia de planificación territorial, non semella razoable que o IET, que a Comisión de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galiza ou a comisión de coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica, estean localizadas no organigrama doutra Consellería distinta. Mentres que si fican adscritos a esta Consellería o IGVS e a APLU, a través da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, e os órganos colexiados do Xurado de Expropiación de Galicia e a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Por se non fose suficiente a confusión xerada, hai outras competencias ligadas á planificación territorial que foron trasladadas á Consellería de Economía e Industria na norma que o regula. Por exemplo, a través da disposición adicional sétima determínase:

Consellería competente en materia de solo empresarial, establécese que esta asuma as competencias en materia de solo empresarial, así como a tutela funcional da sociedade pública Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

Ditas competencias quedan adscritas á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo empresarial e a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético. Esta decisión está creando evidentes contradicións no funcionamento interno da Xunta. Un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

auténtico caos por parte dos axentes que deben operar con este organismo. A pesar dos anuncios feitos polo presidente do goberno en relación co Xestur, o certo é que máis de medio ano despois segue sen resolverse.

En definitiva, todas estas decisións forman parte dunha estratexia xeral de eliminado da materia de planificación territorial, co obxectivo único de facilitar a especulación e o espolio. Xa coa aprobación da LOT en 2021, dende este grupo denunciámos que a nova lexislación supuña un serio paso atrás en cuanto á necesidade de termos unha visión integrada e sostible da planificación territorial. Unha norma, recordemos, que abría a posibilidade de instrumentos como os PIA para facilitar a toma de decisións arbitrarias por parte do Consello da Xunta, a negativa a comprometerse co desenvolvemento dos plans de escala subrexionais, ou a vinculación dos obxectivos da planificación territorial ao servizo dunha política económica extrativista dos recursos do noso territorio.

Durante o debate parlamentario desa lei aseguramos dende o BNG que a súa aprobación supuña a morte da planificación territorial, entendida como instrumento ao servizo do interese público. Agora esta decisión de erradicar e fragmentar do novo goberno esta materia, supón xa un golpe de gracia, que destrúe a posibilidade de alcanzar un desenvolvemento territorial sostible de conxunto.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como vai solucionar o caos xerado no Xestur?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 30/10/2024 13:49:31

Luis Bará Torres na data 30/10/2024 13:49:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Luis Bará Torres, Montserrat Valcárcel Armesto, Sonia Vidal Lamas e Ariadna Fernández González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a afección da macrocelulosa de ALTRI ao sector agrogandeiro e a declaración de impacto ambiental favorable da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa ALTRI a través de Greenfiber SL está a promover unha macrocelulosa en Palas de Rei. Unha macrofactoria que ocupará 366 has e que terá un forte impacto medioambiental, patrimonial e cultural tanto no concello de localización como nas comarcas limítrofes. Dende o punto de vista económico o impacto aos sectores produtivos existentes na zona tamén será moi considerábel.

Un dos principais motores económicos da zona da pretendida implantación da macrocelulosa de ALTRI é o sector agrogandeiro. O sector primario é fundamental para o mantemento económico e social das parroquias deste territorio situado no corazón de Galiza.

O pasado 14 de marzo publicouse no DOG o *ANUNCIO do 6 de marzo de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto industrial estratéxico da industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, nos concellos de*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Melide e Santiso (A Coruña), Palas de Rei (Lugo) e Agolada (Pontevedra) (expediente 2024/0004).

Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade pola que se formula a Declaración de impacto Ambiental do proxecto industrial estratéxico da industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, nos termos municipais de Palas de Rei (Lugo), Melide e Santiso (A Coruña) e Agolada (Pontevedra), promovido por GREENFIBER, SL (CLAVE: 2024/0004).

Esta declaración de impacto ambiental conclúe finalmente que “o proxecto é ambientalmente viable”.

Neste informe deberan analizarse os diferentes campos de afectación desta macrofactoria; dende os aspectos medioambientais, as augas, o chan e os solos, aspectos económicos e outros moitos. Dentro destes aspectos estudados deberan ter un capítulo moi importante as afeccións desta macrocelulosa as producións agrícolas, forestais, gandeiras e os cambios nos usos da terra.

Un deses impactos é o cambio de usos da terra debido á elevada demanda de eucalipto, o que traerá consigo un incremento da eucaliptización e a perda de terras dispoñíbeis para as producións agrogandeiras; tamén a repercusión nas producións agrogandeiras e nos produtos de calidade como a DO Arzúa Ulloa ou as producións ecolóxicas.

Estamos nunhas comarcas no que o sector agrario é crucial para o desenvolvemento económico e social no que milleiros de familias teñen como principal fonte de ingresos as producións agrarias que serven para manter o rural e preservar as nosas parroquias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na declaración de impacto ambiental aparecen mencionados informes ente outros das direccións xerais de planificación e ordenación forestal, de defensa do monte, de desenvolvemento rural, de gandería agricultura e industrias agroalimentarias e AGACAL dependentes da consellería do medio rural e da axencia galega de industrias forestais.

De todos estes informes mencionados non se pode extraer ningunha conclusión xa que a vaguidade é unha característica desta declaración de impacto ambiental.

Si falamos dos aspectos relacionados co sector agrogandeiro analizados pola Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e o AGACAL ocupa aproximadamente unha páxina das 76 das que consta o informe no que non analiza absolutamente nada nin indica ningunha afección e todo en base aos datos aportados pola empresa. Segundo este estudio non hai afeccións a produción agrícola, a comercialización de produtos agrarios de calidade, como as denominacións de orixe e as producións ecolóxicas.

Na parte relativa ao monte e o forestal que se analiza por parte da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, vemos que os cambios relativos a produción forestal ocupa dous pequenos parágrafos e a parte da dirección xeral de defensa do monte e polo tanto as problemáticas que pode traer consigo o cambio de modelo forestal ocupa catro liñas.

Estes aspectos indican polo tanto o nivel de estudo nunha das partes fundamentais deste proxecto que é o sector agrario e polo tanto as repercusión do motor económico das comarcas onde se se pretende establecer esta macrocelulosa de ALTRI.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza non pode obviar ao sector agrario e permitir a instalación dunha macrocelulosa no corazón de Galiza. ALTRI sería cravar un puñal ao sector económico que sustenta estas comarcas da bacía do Ulla.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que a Consellería do Medio Rural non fai públicos todos os informes emitidos polos distintos departamentos da consellería e as explicacións tan “concluíntes” e “descoñecidas” da empresa promotora da macrocelulosa de ALTRI?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Sonia Vidal Lamas

Ariadna Fernández González

Montserrat Valcárcel Armesto

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Secundino Fernández Fernández na data 24/03/2025 17:05:32

Sonia Vidal Lamas na data 24/03/2025 17:05:35

Ariadna Fernández González na data 24/03/2025 17:05:44

Montserrat Valcárcel Armesto na data 24/03/2025 17:05:52

Luis Bará Torres na data 24/03/2025 17:06:02





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O pasado venres 14 de marzo, na Comisión 4.^a, Educación e Cultura, o director xeral de Cultura tivo unha comparecencia para presentar o Plan para a dinamización da lectura en Galicia.

Baixo o título de LEMOS + o plan percorre lugares comúns con accións que en algunha ocasión xa foron postas en funcionamento pero que non tiveron unha difusión suficiente. De feito, a maioría das propostas estrutúranse en liñas tácticas, sen moito percorrido, e non en liñas estratéxicas que sería o adecuado. E por outra parte, unha parte das medidas tácticas xa foron postas en marcha e non tiveron éxito.

Chama a atención que o plan non teña unha especial dedicación ao fomento da lectura e lingua galega, dado a preocupación amosada pola Consellería de Cultura para retomar. É máis, aparece nalgúns apartados dentro das liñas estratéxicas dalgúns eixes pero non ten un trazado diferencial que aposte por un “suposto” apoio ás políticas que desde a Consellería de Cultura queren establecer para frear a caída da empregabilidade do galego.

Outra das eivas é que, naqueles ámbitos nos que habería que incidir no referente ao fomento da lectura, non aparecen fortalecidos. Simplemente son enunciados como eidos menos favorables ás dinámicas de lectura pero non se deseñan accións que revertan esa realidade.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2025 09:53:33
Nº Rexistro: 22259
Data envío: 25/03/2025 09:53:33,587

Pero a tónica xeral é que boa parte das medidas xa foron postas en práctica pero con escasa visibilidade, sen pulsión de execución por parte da Consellería. E con un orzamento escaso que apenas sostén subidas simbólicas dun 5 por cento anual para un plan que esténdese ata 2029.

E por último, fálase tamén da implicación do Observatorio da Lectura que traballará en consonancia co Consello Asesor, órgano que non conta cunha sintonía de obxectivos coa Xunta de Galicia. Por non mencionar o rexeitamento da Xunta de Galicia a escoitar a tradutores ou editores que ano tras ano teñen que afrontar sen amparo institucional as eivas dun sector cada vez máis precarizado.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é o papel esencial que se espera do Observatorio da Lectura segundo o Plan de lectura presentado pola Consellería de Cultura?

Santiago de Compostela, a 25 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 25/03/2025 09:50:18

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76541

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2025 09:53:33
Nº Rexistro: 22259
Data envío: 25/03/2025 09:53:33,587

Julio Abalde Alonso na data 25/03/2025 09:50:26

CSV: BOPGDSPG-PGJ1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76542

@PSdeG



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Encarna Amigo Díaz, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Logo dun pacto con Junts per Catalunya o Goberno central aprobou o 18 de marzo en Consello de Ministros un decreto lei que reforma On artigo 35 da lei de estranxeiría, que permite derivar de forma obrigatoria a menores migrantes non acompañados a outras comunidades autónomas , e establece os criterios de repartición. No que é unha nova chantaxe dos independentistas a un Pedro Sánchez absolutamente refén a cambio de permanecer na Moncloa.

A Lei de estranxeiría modifícase sen discusión previa na Conferencia Sectorial e sen consultar ás Comunidades Autónomas.

O Ministro de Política Territorial y Memoria Democrática, Ángel Víctor Torres, sinalou que a repartición farase con criterios “obxectivos e homoxéneos”, pero o certo é que os criterios establecidos no Real Decreto, tal como desvelou unha das partes asinantes do acordo, farían que do total de 4.000 migrantes menores que se deben distribuír, a Galicia asignaríanselle 326 menores fronte a 26 para Cataluña.

Unha vez máis Sánchez sométese á chantaxe dos independentistas.

Dende o Goberno galego insístese en que Galicia é unha terra solidaria, que sempre votou a favor dun acollemento ben planificado, porque se trata de persoas que requiren unha atención adecuada pero que o decreto é “absolutamente irrealizable”.

Que o decreto non ten en conta a situación real da rede de protección da infancia de Galicia, polo que máis ben parece que, primeiro se decidiu cantos menores se debían reasignar a cada Comunidade, e logo se fixaron os criterios. Sen planificación e sen recursos financeiros axeitados.



E que non se pode ceder á unha imposición a todas as Comunidades acordada con un prófugo da Xustiza, nunha materia tan sensible. Polo que, se é preciso, Galicia irá aos tribunais.

O sistema de acollida de menores non acompañados de Galicia é un dos máis integradores do Estado ao non separar a mozos que chegan á Comunidade pola súa procedencia. Con esta medida búscase a súa integración plena e evitar a formación de guetos.

Por todo o anterior os deputados asinantes, presentan a seguinte pregunta en Pleno:

Qué opinión lle merece o acordo entre Pedro Sánchez e Junts per Catalunya para a repartición de migrantes?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 25/03/2025 09:54:15

Víctor Baladrón Lamas na data 25/03/2025 09:54:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/03/2025 09:54:47

Nicole Grueira Fernández na data 25/03/2025 09:54:55

Dolores Hermelo Piñeiro na data 25/03/2025 09:55:06

Argimiro Marnotes Fernández na data 25/03/2025 09:55:19

Noelia Pérez López na data 25/03/2025 09:55:46

Ethel Vázquez Mourelle na data 25/03/2025 09:55:58

Maria Magdalena Perez Millares na data 25/03/2025 09:56:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o incremento do prezo das prazas de residencia privada en Galiza e as medidas que debe adoptar ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo trasladan familiares de persoas usuarias das residencias de maiores privadas de Galiza as empresas están a incrementar o custe que deben aboar mensualmente cando as usuarias e usuarios reciben o recoñecemento do grao de dependencia.

A modo de exemplo, un dos casos que nos trasladan e que corresponde á provincia da Coruña, informa un incremento de máis de 300 euros ao mes no custe da praza (até os 2.470 euros ao mes) logo de que lle fose recoñecido un grao III de dependencia e unha axuda pública vinculada a el de 300 euros.

Segundo comunicou a familia á propia empresa xestora da residencia (privada sen concertación) a persoa usuaria non amosou deterioro físico ou cognitivo desde o seu ingreso en 2023 senón que o grao de dependencia foi recoñecido máis tarde do seu ingreso no centro froito das demoras que existen –como é ben sabido-- nos procesos de tramitación.

É evidente que as empresas están a incrementar as contías que cobran ás persoas usuarias para fagocitar as axudas públicas que reciben pois nin sequera se xustifican os incrementos con informes sociosanitarios que os motiven nunha maior atención.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o Bloque Nacionalista Galego é absolutamente inadmisíbel o grao de mercantilización que existe dos coidados e o aproveitamento que fan as empresas e entidades privadas dos dereitos das persoas. Cómpre lembrar, ademais, que Galiza carece dunha oferta pública suficiente de prazas públicas o que engorda aínda máis o negocio sobre a base da necesidade das usuarias e as súas familias.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas adoptou ou pensa adoptar a Xunta de Galiza para impedir a usura nun sector tan sensible como o dos coidados e especialmente nun dereito fundamental como é a vellez digna?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Ariadna Fernández González
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 25/03/2025 11:53:13

Ariadna Fernández González na data 25/03/2025 11:54:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Daniel Castro García, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a a falta de servizo de telefonía fixa e móbil no Courel.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante días e días a veciñanza de núcleos de poboación do municipio de Folgoso do Courel non tivo acceso ao servizo de telefonía fixa e de móbil. Unha cuestión da que se fixeron eco os medios de comunicación e sobre a cal tamén tivo coñecemento o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego.

Un dos núcleos máis afectados é o de Teixeira do Courel onde hai cobertura exclusiva da compañía Movistar, non hai cobertura de ningunha outra empresa, algo que xa de por si supón unha serie de problemas importantes. Ademais, segundo denuncia a propia veciñanza, este tipo de incidencias son habituais algo que se suma a eivas graves como o feito de que non poden nin acceder a fibra nin á rede 5G e nin sequera á rede 4G.

A fenda dixital non pode ser aceptada e é unha irresponsabilidade por parte do goberno galego deixar zonas do país incomunicadas dixitalmente, máis aínda no mundo actual. Ademais, as posíbeis solucións son relativamente simples e dependen da vontade política do goberno da Xunta de Galiza. O problema principal, denuncia a veciñanza, está nun repetidor situado no propio núcleo de Teixeira o cal, aproximadamente cada dous meses, cae. Isto deixa as veciñas e veciños sen conexión de internet durante unha semana cada vez que o repetidor cae.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As veciñas e veciños consideran que cun repetidor en Monforte de Lemos ou mesmo en Lugo esta problemática estaría resolta. É a quenda por tanto do Executivo galego de actuar e traballar en favor das zonas máis castigadas do noso país, de garantir como é o seu deber que todas as galegas e galegos, independentemente de onde vivan en Galiza, teñan unha conexión a internet estábel e digna, propia do século XXI.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que lle parece ao Goberno Galego que a veciñanza de Teixeira do Courel non teña acceso a internet recorrentemente e que vai facer para o solucionar?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Daniel Castro García

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 25/03/2025 12:29:14

Daniel Castro García na data 25/03/2025 12:30:09





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A relación entre oferta e demanda é fundamental para un crecemento turístico sostible e de calidade. Cando existe unha alta demanda pero non hai oferta suficiente, pódese dar unha serie de efectos negativos. Como pode ser o aumento de prezos, saturación de destinos ou merma na calidade do servizo, o cal pode levar consigo a perda do seu atractivo.

Estamos ante un desafío importante que debe de abordarse para garantir a sustentabilidade e a calidade da experiencia turística.

Os últimos datos son alarmantes, segundo os datos da Federación de Empresas Inmobiliarias (Fegein), un de cada catro hoteis se pon en venta en aluguer ou traspaso, o que significa 225 hoteis galegos.

O perfil deste establecemento é un hotel de pequenas dimensións e casas de turismo rural, e non podemos perder de vista que a maioría destes establecementos se asentan no rural, co que iso implica.

Un dos motivos que levan ao peche, traspaso ou aluguer e a falla de persoal.

O Centro Superior de Hostalaría de Galicia naceu no ano 1995 e dende esa data ten formado a máis de 2.500 persoas. E neste curso 24/25 se ten duplicado o alumnado pasando de 47 a 102 alumnos de primeiro curso.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2025 13:05:11
Nº Rexistro: 22296
Data envío: 25/03/2025 13:05:11.887

A isto hai que sumarlle que o sector turístico segue en crecemento. No ano 24 o incremento foi dun 6,6 %, cunha ocupación media de 43,6 % os que escolleron para a súa pernocta os hoteis.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Contempla a Xunta de Galicia levar a cabo iniciativas que contribúan a paliar a falla de relevo xeracional?

Santiago de Compostela, a 25 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 25/03/2025 13:02:12

Patricia Iglesias Rey na data 25/03/2025 13:02:22

CSV: BOPGDSPG-PGJ1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76550

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González, Iria Carreira Pazos e Daniel Pérez López, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as consecuencias da afectación da macrocelulosa Altri sobre o patrimonio cultural e o Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade pola que se formula a declaración de impacto ambiental do proxecto industrial estratéxico da industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, nos termos municipais de Palas de Rei (Lugo), Melide e Santiso (A Coruña) e Agolada (Pontevedra), promovido por GREENFIBER, SL conclúe que o proxecto é ambientalmente viábel.

Os informes de contido ambiental emitidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dan conta de emendas remitidas á empresa en relación á avaliación de impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural.

Un impacto preocupante pola afectación sobre o patrimonio cultural galego recoñecido no ámbito de actuación da macrocelulosa e no que destaca o Camiño de Santiago, recoñecido como Patrimonio da Humanidade. Unha preocupación que levou o ICOMOS-España, órgano asesor da UNESCO en materia de patrimonio cultural, a recomendar a solicitude de avaliacións de impacto do punto de vista visual e da súa apreciación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A DIA non describe que todas as emendas fosen resoltas favorabelmente por parte da empresa promotora da macrocelulosa como condición sine qua non para entender o proxecto viábel e compatíbel coa conservación e protección do patrimonio cultural.

No entanto, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural recolle na DIA diferentes medidas adicionais que a empresa debe cumprir, unha vez autorizado o proxecto, o que non parece garantir a conservación e protección do patrimonio cultural á vista da habitual falta de seguimento e inspección por parte da Xunta, nomeadamente no que di respecto do Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Garante o goberno da Xunta que a macrocelulosa Altri é compatíbel coa protección e conservación da catalogación do Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Olalla Rodil Fernández

Ariadna Fernández González

Iria Carreira Pazos

Daniel Pérez López

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 25/03/2025 16:17:31

Olalla Rodil Fernández na data 25/03/2025 16:18:08

Ariadna Fernández González na data 25/03/2025 16:18:11

Iria Carreira Pazos na data 25/03/2025 16:18:35

Daniel Pérez López na data 25/03/2025 16:18:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as queixas recibidas a través da Oficina para a defensa das persoas usuarias dos servizos públicos en materia de Política Social.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración a Xunta de Galiza creou a Oficina de Defensa das Persoas Usuarias dos Servizos Públicos, un órgano que recepciona queixas das galegas e galegos referidas “a calquera aspecto de insatisfacción sobre o funcionamento dos servizos prestados polo sector público autonómico, especialmente tardanzas, desatencións ou calquera outra deficiencia na súa actuación, que contribúan a incrementar os parámetros de eficacia, eficiencia e calidade na prestación dos servizos públicos”, segundo se recolle no Decreto 129/2016, do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia.

Neste senso, de acordo cos datos recollidos nos sucesivos informes (2016-2023), a Consellaría de Política Social é a que máis queixas suscita. Así, en:

2023: 872 (de 2.036)
2022: 555 (de 1.801)
2021: 637 (de 1.727)
2020: 597 (de 1.514)
2019: -





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2018: 319 (de 1.104)

2017: 77 (de 305)

2016: 50 (de 319)

Porén, descoñecemos as razóns que motivan as queixas das galegas e galegos pois nos devanditos informes non se especifican.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que queixas elevan as galegas e galegos en materia de Política Social á Oficina para a defensa das persoas usuarias dos servizos públicos?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 25/03/2025 17:00:09

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/03/2025 17:13:42






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a elaboración de informes de cambio climático en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A páxina web da consellaría de medio ambiente e cambio climático inclúe unha sección sobre cambio climático. Nesta sección inclúese unha referencia sobre “Informes de cambio climático” no que se recollen informes de Cambio Climático en 2012 e 2016, así como informes sectoriais do ano 2015 sobre “análise de impactos”, “ecosistemas terrestres”, “saúde ambiental” e “recursos hídricos”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación é moi grave. Pola inacción do goberno galego, non contamos con estudos actualizados sobre a evolución do cambio do clima e as súas repercusións en ámbitos como as emerxencias, as infraestruturas, a biodiversidade, os recursos hídricos, a saúde ou os sectores económicos (agricultura, gandaría, forestal, vitivinícola, marítimo-pesqueiro, industria...) máis afectados polos eventos meteorolóxicos extremos e o cambio do clima.

Ainda que existen algúns estudos estatais e europeos sobre estas materias, trátase de informes xeralistas e que non analizan en detalle nin en perspectiva cronolóxica todos estes ámbitos.

Outros territorios do estado e da UE si fixeron os deberes e contan con estudos actualizados, con normas legais e con un organigrama de goberno acorde cos retos que presenta o clima e a meteoroloxía.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta elaborar, en coordinación co sistema universitario galego, informes cuadrienais sobre o cambio climático así como informes sectoriais sobre a evolución do cambio do clima e as súas repercusións en ámbitos como as emerxencias, as infraestruturas, a biodiversidade, os recursos hídricos, o litoral, a saúde ou os sectores económicos máis afectados polos eventos meteorolóxicos extremos e a mudanza do clima?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 25/03/2025 17:32:37

Alexandra Fernández Gómez na data 25/03/2025 17:34:50

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/03/2025 17:35:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Oscar Insua Lema e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración por parte do goberno galego do anuncio de integración dos CIM galegos no Sistema Viogen do Ministerio do Interior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Centros de Información á Muller (CIM) son un recurso financiado e regulado por parte da Xunta de Galiza co que contan algunhas entidades locais, concibidos como un conxunto de recursos desde os cales se articula, en desenvolvemento da lexislación en materia de igualdade e loita contra a violencia machista, unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Estes recursos nacen con vocación de carácter permanente e, ao longo do paso dos anos, foron ampliándose as súas funcións e a súa extensión territorial.

A finais de marzo, o delegado do goberno do Estado en Galiza, Pedro Blanco, anunciaba a integración progresiva dos 84 Centros municipais de Información á Muller (CIM) do noso país no Sistema VioGen do Ministerio do Interior. Afirmábase que esta integración, que a priori parece a efectos informativos, permitiría ter acceso puntual a información que podería mellorar a atención e que até o momento era facilitada a través dos mecanismos de coordinación e/ou intermediación das forzas e corpos de seguridade. Afirmaba tamén que esta integración iría acompañada de formación previa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Camiñar cara un maior intercambio de información e unha maior coordinación en materia de intervención en situacións de violencia machista é sempre unha necesidade e un avance en positivo, mais a premura e a xeralidade do anuncio deben complementarse con maior información sobre este cambio.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o goberno galego da proposta de integrar progresivamente os CIM galegos no sistema Viogén e do alcance real desta medida?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Oscar Insua Lema

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/03/2025 18:00:21

Olalla Rodil Fernández na data 25/03/2025 18:01:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Óscar Insua Lema na data 25/03/2025 18:01:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración por parte do goberno dos resultados do baleirado do seu autogoberno fiscal en materia de perda de oportunidades de recadación e redistribución da riqueza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente coñecíanse datos do Ministerio de Facenda e do informe Panorama de la fiscalidad autonómica y foral 2024 do Consello Xeral de Economistas que evidencian novamente a política de baleirado do autogoberno fiscal que leva a cabo a Xunta do Partido Popular ao permitir a comparación de ingresos en materia impositiva por parte das comunidades autónomas.

Esta información, na mesma liña que os resultados das Contas Xerais da Xunta e dos informes anuais da ATRIGA confirman unha tendencia: o goberno da Xunta de Galiza espreme cada vez menos o limitado marxe de autogoberno fiscal co que conta o noso país e iso supón unha perda de oportunidades de recadación e redistribución da riqueza. Así, Galiza sitúase entre as cinco comunidades autónomas que menos recadación ten e obsérvase unha baixada na recadación acentuada nos últimos anos. Desta maneira, en Galiza os impostos propios soamente representan o 1,4 por 100 dos ingresos tributarios, un porcentaxe por debaixo da media das autonomías.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, cómpre recordar que sobre a teoría un dos obxectivos do actual sistema de financiamento foi dotar ás distintas comunidades dunha maior capacidade fiscal que podería ir en progresivo aumento. Porén, o sistema tamén fracasou neste aspecto e, tal e como recorda o recente *Informe de fiscalización sobre os resultados para Galiza do sistema de financiamento das CCAA de réxime común. Exercicios 2009-2021* do Consello de Contas, xa no ano 2016 o informe da Comisión de Expertos a nivel estatal puxo de relevo que o propio sistema adoece dun déficit de responsabilidade fiscal por parte das comunidades que provén dun baixo nivel de autonomía de ingresos e dun marco institucional que non as dota de suficiente poder de decisión individual e sitúa no aumento da marxe de decisión fiscal o potenciamento da autonomía e a corresponsabilidade fiscal.

É dicir, os propios informes do Estado recoñecen o evidente. Máis aínda, o Informe do Consello recolle como Galiza, por decisión política, ten renunciado a espremer o marxe de autogoberno nos últimos anos. Así, sinala literalmente que o noso país “*atópase cunha capacidade fiscal por debaixo da media das CCAA (nunha posición relativa de 93 sobre un índice de 100) e cunhas necesidades de gasto (...) moi superiores da media daquelas (a segunda comunidade con maiores necesidades de gasto).*”

En conclusión, malia as crecentes necesidades de financiamento e a potencia que ten o exercicio do autogoberno fiscal non só para avanzar en recadación senón para deseñar unha política económica activa que modele o país que queremos, o goberno galego renuncia a facelo e impulsa unha política fiscal de baleirado impositivo na que, ademais, busca favorecer sectores e colectivos distintos ás maiorías sociais, privilexiando ámbitos como as rendas máis altas ou sectores como o do xogo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É necesario, polo tanto, facer seguimento e avaliación da evolución da recadación e da política de baleirado fiscal da Xunta de Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o goberno galego de que Galiza sexa das comunidades con peores porcentaxes de ingresos tributarios por impostos propios?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/03/2025 11:05:31

Ramón Fernández Alfonso na data 26/03/2025 11:06:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta resolva a grave situación que está a vivir a sanidade pública da comarca da Mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de marzo 5000 persoas reuníronse en Viveiro para reclamar unha sanidade pública de calidade. Saíron todos eles e elas rexeitando a situación que están a vivir nos seus Centros de Saúde e no Hospital de Burela.

Os e as mariñás están fartas de ver como na súa Atención Primaria non se cubren as baixas laborais, as vacacións ou as xubilacións e incluso chegan a ver como os seus Centros de Saúde están sen ningún médico ou médica como recentemente vimos nun concello de máis de dez mil habitantes como é o de Foz.

Toda esta situación que ten a súa orixe na continua privatización da sanidade pública do noso país viuse aínda máis acrecentado coa desaparición da Área Sanitaria da Mariña que o Partido Popular lle roubou á nosa comarca hai xa anos.

E é por esta razón que o propio sector leva facendo desde hai moito tempo unha serie de reclamacións entre as que están as seguintes:

A creación de prazas en todas as categorías profesionais, a redución de cupos en Medicina de Familia ata un máximo de 1250 tarxetas sanitarias e 800 en pediatría, a cobertura de todo o persoal nos seus permisos, baixas ou vacacións todos os días e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

durante toda a quenda, a cobertura de todas as ausencias nos PACs dotando a todos de dúas equipas completas todos os días, incrementar a dotación de matronas, nutricionistas, fisioterapeutas, traballadoras sociais, odontólogas, hixienistas dentais, persoal auxiliar de enfermería, persoal administrativos ou técnicas de radioloxía, crear novas categorías nos centros de saúde como psicólogos clínicos, podoloxía ou terapia ocupacional, recuperar do segundo TES da ambulancia medicalizada, dotar de polo menos outra ambulancia medicalizada co equipo completo de dobre TES para que en ningún momento quede a comarca sen o servizo cando fan un traslado interhospitalario.

Tamén, como era de agardar, son necesarias moitas melloras hospitalarias como unha consulta de cirurxía vascular para atender a demanda nesta especialidade, que é moi elevada. Así evitaríanse desprazamentos para cousas tan simples como unha ecografía das arterias, o seguimento de pacientes diabéticos con afectación vascular e as revisións.

É necesario tamén ter o servizo de radiografías panorámicas dentais, densitometrías óseas, electroencefalogramas, electromiografías. Sendo todas estas, probas que se poden e se deben facer no Hospital de Burela, sen necesidade de desprazamentos a Lugo.

Por se todo isto fose pouco, toda a comarca da Mariña segue vendo como os servizos como cardioloxía, dixestivo, uroloxía, dermatoloxía e medicina interna están en alerta vermella pola elevada falta de persoal, o que provoca unhas listas de agarda escandalosamente altas e derivacións masivas ao HULA por cousas que deberan resolverse no Hospital da Costa.

Por último, é necesario recalcar como a día de hoxe as listas de agarda son insoportables en servizos onde antes case non había, coma nefroloxía. E xa para rematar, ante unha lista inmensa de necesidades, a Mariña precisa dun servizo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

logopedia que xa non temos, servizo fundamental para o desenvolvemento integral de nenos e nenas, mozos e mozas, e persoas adultas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno galego mellorar a situación de gravidade que leva anos sufrindo a sanidade pública da Mariña?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 26/03/2025 12:12:25

Iria Carreira Pazos na data 26/03/2025 12:13:12

María Montserrat Prado Cores na data 26/03/2025 12:13:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á manipulación do Presidente da Xunta respecto do número real de camas UCI do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense após as obras de renovación do servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos un dos múltiples elementos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense necesitados de ampliación e renovación foi o da Unidade de Coidados Intensivos. Así as cousas, despois do período máis intenso da pandemia da covid-19, a Xunta de Galiza anunciou e impulsou unha renovación da Unidade para incorporar as aprendizaxes sanitarias. Segundo afirmaba o goberno galego, impulsaríase un novo modelo, modernizando o sistema e adaptándoo ás leccións da pandemia e ás aprendizaxes da última década.

Todo isto, que nun comezo parecía ser positivo para Ourense e para o sistema público de saúde, tivo un resultado deficiente na súa execución e posta en marcha da primeira fase a finais de 2023 e comezos de 2024. Así, xa a finais de 2023 o persoal da Unidade de Coidados Intensivos (TCAES, enfermeiras e persoal facultativo) puxo en coñecemento da dirección de enfermaría e da xerencia do Complexo Hospitalario de Ourense, a través de numerosos escritos e solicitudes verbais, e posteriormente tamén á inspección laboral, distintos aspectos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A súa disconformidade tiña que ver, a grandes trazos, coas condicións de traslado no que atinxía ao número de efectivos propostos por insuficiente e a distintas fendas de seguridade e organización laboral que comprometían a adecuada prestación de servizo e que motivou mobilizacións do persoal ao longo de varios meses ata ir sendo progresivamente escoitados pola xerencia. Entre os puntos denunciados estiveron, ao longo do tempo, a falta de persoal esixido para unha UCI de nivel II e o número de camas reais operativas durante as distintas fases, sendo habitual a habilitación dunha sala extra.

Recentemente, o Presidente da Xunta acudía ao CHUO para inaugurar a segunda fase desta nova UCI. Así, o señor Rueda, como recollen os medios de comunicación ourensáns e a propia nota informativa da Xunta de Galiza, visitou a nova Unidade de Coidados Intensivos (UCI) do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) e afirmou o goberno que “está deseñada para reforzar a atención sanitaria na provincia” e que “o novo espazo stá dotado con 3 módulos con 10 boxes cada un, unha superficie de 2.649m², o que permitiu aumentar o espazo xa existente un 30%, pasando de 20 a 30 camas.”

Porén, esta información é, como mínimo, inexacta e manipulada. A realidade da nova UCI de Ourense é que despois dun investimento que a propia Xunta de Galiza cifra en máis de 10 millóns de euros, antes da obra había 22 camas e agora van quedar 20, é dicir, dúas menos no canto de 8 máis. Isto é así porque a unidade 4ª dereita creada na fase 1 está pechada e o espazo URPA habilitado durante as obras da segunda fase non está dotado do material necesario, que foi trasladado para o novo espazo. Non son, polo tanto, espazos activos e adecuadamente dotados e non se poden computar como camas operativas nun novo exercicio de manipulación da realidade.

O Presidente “salientou a importancia de contar con infraestruturas sanitarias modernas, eficientes e dotadas dos mellores medios e profesionais” segundo consta na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propia nota de prensa da Xunta de Galiza mais son afirmacións incompatibles coa realidade: redución de camas e persoal insuficiente, que novamente está a denunciar en escritos á xerencia e aos medios de comunicación a súa precaria situación.

A Xunta debe dar explicacións sobre as súas afirmacións inexactas e manipuladas e sobre a situación de precariedade e falta de recursos que denuncia o persoal da UCI do CHUO.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que manipula a Xunta de Galiza a información respecto do número real de camas na UCI de Ourense despois de investir máis de dez millóns de euros para ter menos camas operativas?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/03/2025 13:05:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 26/03/2025 13:05:30

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/03/2025 13:06:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o traslado sen consenso da Unidade de Saúde Mental e do Programa de Prevención de Suicidio do Centro de Especialidades e ás preocupacións e discrepancias trasladadas por parte do persoal do Servizo de Psiquiatría do CHUO.

Desde hai unhas semanas hai unha forte preocupación na sociedade ourensá e na comunidade profesional sanitaria por mor da falta de planificación, diálogo e previsión da Xunta de Galiza á hora de prever os cambios necesarios para proceder ao desprazamento das funcións que até o momento se prestaban no Centro de Saúde Novoa Santos, que sería demolido para proceder ás obras de construción do CIS de Ourense, prometido no ano 2020.

Recentemente facíanse públicas as discrepancias das e dos profesionais de Atención Primaria que foran trasladadas, sen escoita, á xerencia sanitaria. Entre outras cuestións, as e os profesionais advirten da ruptura das bases de atención primaria para un terzo da poboación da cidade, da segregación de servizos e pacientes, da sobrecarga do Centro de Saúde do Couto que pasará a duplicar a poboación atendida, da ruptura da calidade e impartición de docencia e do desmantelamento do Centro de Orientación Familiar, que afecta ao conxunto da cidade. Así mesmo, coa segregación de servizos, profesionais e pacientes romperanse as bases de accesibilidade, lonxitudinalidade, continuidade asistencial e integralidade, bases consensuadas, estudadas e contrastadas pola comunidade científica, que non responden a criterios aleatorios senón obxectivos e que redundan nunha maior saúde comunitaria. A maiores, un dos principais problemas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

será a sobre carga do centro de saúde do Couto, un centro que ten menos dunha década de funcionamento despois de dilacións na súa obra e de numerosos problemas de acondicionamento pola falta de calidade destas e ser outro exemplo de improvisación administrativa.

Para alén destas cuestións, da mesma maneira que non hai consenso nin diálogo cos e coas profesionais do Nóvoa Santos, tampouco cos servizos presuntamente afectados que hoxe se prestan aínda no Centro de Especialidades. Así, vimos de coñecer que desde o Servizo de Psiquiatría do CHUO consideran inadmisíbel o plan da Xerencia para a remodelación da área asistencial de Saúde Mental co que pretenden desmantelar o Hospital de Día de Psiquiatría para ubicar nese espazo a Unidade de Saúde Mental e o Programa de Prevención de Suicidio e mermar a área de traballo da Unidade de Condutas Aditivas para incluír o Hospital de Día de Saúde Mental Infante-Xuvenil.

Para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego é alarmante esta situación e coñecer que as e os profesionais, tamén neste caso, son coñecedores das decisións da Xerencia a través dos medios de comunicación, nunha evidente mostra de falta de xestión, falta de diálogo e improvisación.

No comunicado, as e os profesionais xustifican o seu rotundo rexeitamento ao plan da Xerencia alegando que supón o desmantelamento do Hospital de Día, que xa tiña unhas instalacións deficientes, ao reducir o seu espazo para incluír aproximadamente 17 despachos de consultas, coas correspondentes salas de agarda, aseos, etc. Esta situación implicaría graves consecuencias ao amorrar as e os usuarios en espazos inadecuados para poder prestaren o servizo. Así mesmo, consideran que o plan da Xerencia no relativo ao traslado do Equipo de Continuidade de Coidados a Piñor supón tamén un desmantelamento dos dispositivos de rehabilitación comunitaria extrahospitalaria e, da mesma maneira que advertían as e os profesionais de Atención Primaria, isto tería repercusións tamén nas funcións de docencia que se exercen desde esta área, tendo en conta que a Unidade Multidisciplinar de Saúde Mental do CHUO é,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

además, a maior unidade docente da provincia, prestando supervisión docente nos espazos do Servizo a un total de 25 residentes das diferentes especialidades.

Esta é unha situación grave e sen precedentes pola afectación de servizos e de poboación, todo isto nunha área sanitaria xa de por si castigada pola falta de apoio da Xunta de Galiza e pola falta de diálogo cos e coas profesionais, como amosa a situación de colapso de distintos centros de Atención Primaria, a situación das urxencias ou da UCI do CHUO, a falta de impulso da prometida unidade de ictus ou do ámbito da xeriatria e unha constante improvisación en materia de infraestruturas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai rectificar a Xunta de Galiza as súas decisións unilaterais de reorganización de persoal e servizos con motivo das obras do CIS de Ourense e, particularmente, as eivas sinaladas por parte do persoal do Servizo de Psiquiatría do CHUO?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 26/03/2025 12:59:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/03/2025 12:59:47

María Montserrat Prado Cores na data 26/03/2025 13:00:03

Iria Carreira Pazos na data 26/03/2025 13:00:14



Á Mesa do Parlamento

Juan Casares Gándara, Alberto Pazos Couñago, Gonzalo Trenor López, Patricia García González, Noelia Pérez López, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Manuel Santos Costa e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No contexto da Comunidade Autónoma de Galicia, a aprobación da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (DOG núm. 233, do 11 de decembro) vén afondar nas medidas deseñadas nas normas precedentes e introducir outras novas, en liña cos avances que se teñen producido nos últimos anos, ao obxecto de avanzar cara a igualdade efectiva nos diferentes ámbitos da sociedade.

Pola súa parte, a aprobación do I Plan de igualdade da Xunta de Galicia (Resolución do 27 de outubro de 2023, DOG núm. 214, do 10 de novembro), que se conforma como marco de referencia para a actuación dos poderes públicos da Comunidade Autónoma, presenta un conxunto de medidas dirixidas a remover os obstáculos que impiden ou dificultan a igualdade efectiva de mulleres e homes e eliminar a discriminación por razón de sexo na Administración xeral da Xunta de Galicia.

O dito plan inclúe unha serie de eixos básicos de actuación, entre os que se atopa a “formación, información e sensibilización” do persoal empregado público, coa incorporación de accións moi concretas, como a realización dun curso básico adaptado ao persoal con discapacidade intelectual, o desenvolvemento de accións para a sensibilización en materia de loita pola igualdade e prevención da violencia de xénero, ou a implantación de accións formativas específicas centradas nos dereitos do colectivo LGTBIQ+.

A Escola Galega de Administración Pública é un organismo autónomo da Xunta de Galicia, que ten como finalidade principal, precisamente, formar e especializar ao persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que actuacións desenvolverá a Escola Galega de Administración Pública para que o persoal empregado público poida ter acceso á formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero?



Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 26/03/2025 15:54:49

Alberto Pazos Couñago na data 26/03/2025 15:55:04

Gonzalo Trenor López na data 26/03/2025 15:55:17

Patricia García González na data 26/03/2025 15:55:31

Noelia Pérez López na data 26/03/2025 15:55:45

Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/03/2025 15:55:58

Julio García Comesaña na data 26/03/2025 15:56:09

Manuel Santos Costa na data 26/03/2025 15:56:22

Cristina Sanz Arias na data 26/03/2025 15:56:32



Á Mesa do Parlamento

Juan Casares Gándara, Alberto Pazos Couñago, Gonzalo Trenor López, Patricia García González, Noelia Pérez López, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Manuel Santos Costa e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A política económica vixente -derivada en boa parte das directrices europeas e das circunstancias actuais- comporta novos retos para as administracións públicas que requiren dun persoal cualificado que poida desenvolver adecuadamente as tarefas de administración e dirección esixidas pola actual configuración da facenda pública.

Ademais, a evolución dos sistemas e dos conceptos de gobernanza e rendición de contas dan lugar a novos procedementos de avaliación e revisión de gasto.

Así mesmo, a defensa dos intereses da comunidade autónoma nos eidos do sistema de financiamento autonómico e a captación de fondos estruturais e de investimento da UE esixen un soporte de información técnica moi especializada e á medida de cada actuación.

Neste contexto, resulta fundamental para as administracións públicas contar con persoal cada vez máis especializado en materia económica e orzamentaria, capaz de facer fronte aos principais retos que se presentan en ámbitos tales como a fiscalidade, financiamento público, economía orzamentaria, contratación pública, xestión de subvencións ou procedemento tributario.

A Escola Galega de Administración Pública é un organismo autónomo da Xunta de Galicia, que ten como finalidade principal, precisamente, formar e especializar ao persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que actuacións desenvolverá a Escola Galega de Administración Pública para que o persoal empregado público poida ter acceso a una formación especializada en materia de economía pública ?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 26/03/2025 15:59:21

Alberto Pazos Couñago na data 26/03/2025 15:59:34

Gonzalo Trenor López na data 26/03/2025 15:59:46

Patricia García González na data 26/03/2025 16:00:00

Noelia Pérez López na data 26/03/2025 16:00:17

Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/03/2025 16:00:31

Julio García Comesaña na data 26/03/2025 16:00:44

Manuel Santos Costa na data 26/03/2025 16:00:55

Cristina Sanz Arias na data 26/03/2025 16:01:04



Á Mesa do Parlamento

Juan Casares Gándara, Alberto Pazos Couñago, Gonzalo Trenor López, Patricia García González, Noelia Pérez López, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Manuel Santos Costa e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Nas últimas décadas as novas tecnoloxías transformaron de modo evidente o funcionamento das administracións públicas, constituíndo unha oportunidade para optimizar e mellorar os servizos que se ofrecen á cidadanía.

A Estratexia Galicia Dixital 2030, impulsada pola Xunta de Galicia, busca favorecer unha Administración áxil e sen papel. Deste xeito, aumentárase a efectividade e eficiencia na xestión interna, mediante a dixitalización e automatización dos procedementos administrativos.

Neste contexto, a formación do persoal empregado público resulta esencial para consolidar a administración dixital galega, de xeito que se facilite o incremento da transparencia na xestión, o achegamento da Administración ás persoas, unha maior axilidade e eficiencia na tramitación dos procedementos e unha maior accesibilidade.

A Escola Galega de Administración Pública é un organismo autónomo da Xunta de Galicia, que ten como finalidade principal, precisamente, formar e especializar ao persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que actuacións desenvolverá a Escola Galega de Administración Pública para que o persoal empregado público poida ter acceso a una formación en materias relacionadas coas novas tecnoloxías, como a e-administración, ciberseguridade, competencias dixitais ou intelixencia artificial, entre outras?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 26/03/2025 16:04:08

Alberto Pazos Couñago na data 26/03/2025 16:04:22



Gonzalo Trenor López na data 26/03/2025 16:04:35

Patricia García González na data 26/03/2025 16:04:53

Noelia Pérez López na data 26/03/2025 16:05:09

Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/03/2025 16:05:23

Julio García Comesaña na data 26/03/2025 16:05:34

Manuel Santos Costa na data 26/03/2025 16:05:46

Cristina Sanz Arias na data 26/03/2025 16:05:56





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os Socialistas de Galicia, consideramos que a educación é un dos pilares máis importantes da nosa sociedade, e como tal, creemos que é imprescindible dotar aos centros escolares de todas aquelas melloras que sexan necesarias para o mellor desenvolvemento das súas funcións de formación para os alumnos e alumnas dos mesmos.

O Concello de Teo, é un concello en constante crecemento, ao que se veñen incorporando cada vez máis familias que na maioría dos casos teñen nenos en idade escolar.

Un concello que segundo recentes manifestacións da alcaldesa, e coas que estamos totalmente de acordo, aspira a superar en breve os 20.000 habitantes.

Un concello no que se cede chan á Xunta de Galicia para a creación de vivendas protexidas, o cal atraerá máis habitantes.

Un Concello que é a alternativa perfecta a Santiago de Compostela e a outros municipios da zona, que pode medrar e superar os 20.000 habitantes; e para que isto suceda, dixo a Sra. alcaldesa ten que contar con máis empresas, máis industrias e sobre todo máis vivenda.

Pois ben, pensamos que se si para eses pisos protexidos hai demanda, si esperamos acoller a máis familias, temos que dotar ao concello duns servizos





básicos, temos que medrar e modernizar o que temos, e neste caso, unha das eivas máis importantes e necesarias que temos agora mesmo é a falta de espazo no único Instituto que temos no noso concello.

Instituto que vén de obter recoñecementos en múltiples materias, que vén de acadar un 100 % de aprobados no Bacharelato ano tras ano, no que o profesorado se esforza en que a calidade do ensino estea ao nivel das cidades que nos rodean, e que consideramos que tamén merece un premio, un recoñecemento por parte da Administración que sería obter a AMPLIACIÓN tantas veces solicitada á Consellería.

O IES de Cacheiras, foi inaugurado no ano 1994, e a última reforma que se lle fixo por parte da Xunta de Galicia é do ano 2016 coa ampliación da biblioteca, despois de moitas mobilizacións da comunidade escolar.

Trátase do único Instituto que temos no noso Concello e que absorbe o alumnado dos tres centros de primaria (Calo, Ramallosa e Tilos), e o cal se ve desbordado na súa capacidade ano tras ano, e que amosa no informe técnico que vén presentando ano tras ano ante a Xunta de Galicia que as instalacións de que dispón son INSUFICIENTES para o elevado número de alumnos/as que atende.

Esta falta de espazo, ten que solucionarse xa, para así paliar os constantes problemas de organización de materias optativas, e a organización máis axeitada das actividades formativas, e mellorar a calidade de ensino da mocidade teense que a el acude.

Ademais no curso 22-23, o IES de Cacheiras, pasou a formar parte do proxecto de Innovación Polos Creativos, proxecto que conleva para o seu idóneo funcionamento, que as actividades e proxectos se desenvolvan en espazos físicos creados nos centros educativos, cun deseño modular e innovador,...





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2025 16:32:56
Nº Rexistro: 22365
Data envío: 26/03/2025 16:32:56.721

espazos que poderán albergar actividades de tipo Obradoiro desde unha óptica de aprendizaxe conxunta e comunitaria.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia algún plan concreto para a ampliación das instalacións do IES de Cacheiras, en Teo?

Santiago de Compostela, a 26 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 26/03/2025 16:22:39

Julio Abalde Alonso na data 26/03/2025 16:22:49

Silvia Longueira Castro na data 26/03/2025 16:22:58

CSV: BOPGDSPG-PGJ1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76584

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O sector da dobraxe en Galicia acadou unha importancia substancial no eido cultural e lingüístico desde a década dos anos oitenta até entrado o século XXI. Por unha banda, recolleu a necesidade da poboación de escoitar e sentir na televisión pública, a TVG, a fala na que nos recoñeciamos, provocando na súa primeira década datos récord de achegamento, coñecemento, difusión e uso da nosa lingua en toda a poboación. Por outra, supuxo un soporte de adestramento e tamén de medio de vida para actrices, actores, directores e técnicos galegos nun sector, (o cultural do teatro/cine/televisión), no que a precariedade e falta de continuidade sempre estiveron instaladas.

O orzamento para dobraxe da Televisión de Galicia que chegou en 2005, ós 7 millóns de euros foise reducindo ata os 4,7 en 2008. Ese orzamento repartíase entre tódalas empresas do sector aguantando así do tecido actoral en todo o territorio. Pero a partires de 2010, aínda que o reparto de traballo comezou a facerse desde un acordo marco por concurso público, a TVG reduciu ata 1,5 millóns o orzamento para dobraxe, chegando a executar una media do 65 % desa cantidade ó ano, o que facía inviable a continuidade do sector profesional galego distribuído entre Coruña, Santiago e Vigo, afectando a preto de 350 persoas.

Cando a TVG comezou a reducir a súa aposta pola dobraxe en galego, o sector aproveitou a chegada da TDT para buscar outros mercados de dobraxe, pero en lingua castelá. A remuneración por dobrar en castelán, é preto dun 35 % inferior por ser un mercado moito máis atomizado e con grande competencia





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2025 16:34:42
Nº Rexistro: 22371
Data envío: 26/03/2025 16:34:42,626

ó longo de todo o estado, pois o castelán dóbrase tamén en Madrid, Barcelona, Andalucía, Euskadi, Valencia, Aragón, etc.

Aínda que con diferentes sensibilidades empresariais, (pemes na súa maioría e maioritariamente de capital 100 % galego), o sector do dobraxe xoga un papel importantísimo na encomenda de seren soporte e transmisor da lingua galega dentro do sector do audiovisual, e mais nun momento como o actual no que a nosa lingua está a padecer unhas cifras de coñecemento, difusión e uso moi por debaixo das que debería ter na nosa terra. E por outra parte, obrígase ó sector a competir fóra de Galicia, con outro tipo de tarifas cada vez mais esixentes, para tratar de manter os postos de traballo.

En 2015 e 2016, o sector da dobraxe acudiu unido, (empresas e traballadores), perante os distintos grupos do Parlamento de Galicia acadando un compromiso inicial dos mesmos para desenvolver a normativa de constitución daquela nova Corporación da Radio e a Televisión de Galicia que tivera en conta un orzamento anual para dobraxe en galego de 4,3 millóns de euros, compromiso que nunca chegou a formalizarse.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas ten pensado poñer en funcionamento, o Goberno galego, para garantir a viabilidade das empresas galegas de dobraxe?

Santiago de Compostela, a 26 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76586

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2025 16:34:42
Nº Rexistro: 22371
Data envío: 26/03/2025 16:34:42.626

Silvia Longueira Castro na data 26/03/2025 16:29:43

Julio Abalde Alonso na data 26/03/2025 16:29:53

CSV: BOPGDSPG-PGJ1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76587

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación de Meteogalicia e a creación da Axencia Galega para o Clima e a Meteoroloxía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O clima é un dos grandes temas da axenda política e social. Galiza non pode estar á marxe desta cuestión, polo que debe dotarse dunha estrutura normativa, institucional e de medios que dea acaída resposta á axenda ambiental e climática, con especial atención aos riscos dos eventos meteorolóxicos extremos.

Como é sabido, o noso país non conta con instrumentos, persoal e medios para facer fronte ao desafío do clima. A consellaría de medio ambiente conta desde 2024 con unha dirección xeral de enerxías renovábeis e cambio climático, o que deixa ben ás claras cal é a visión que ten o goberno galego desta materia.

Ademais, como recoñeceu o propio goberno, este departamento non conta a penas con persoal, polo que se viu na obriga de externalizar a xestión dunha parte importante das súas tarefas.

Para o BNG é preciso que a emerxencia ambiental e climática teña unha xerarquía moito máis alta no goberno, con visión transversal e capacidade real de impulso de actuacións en todos os ámbitos. Débese rematar coa precariedade na que se encontra Meteogalicia, que non ten personalidade xurídica e depende dun contrato coa empresa TRAGSATEC.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A emerxencia do clima vai moito máis alá da predición meteorolóxica. Ten relación coas emerxencias, coa saúde, coa biodiversidade, coas infraestruturas, cos sectores económicos. Por iso é preciso contar con un ente que aglutine todas estas dimensións e que actúe tanto na vertente predictiva como na prospectiva. E que en coordinación co sistema universitario galego elabore estudos sobre a evolución do clima, os impactos presentes e futuros, e as medidas precisas para adaptarnos aos cambios e mitigar os seus efectos.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego regularizar e legalizar a situación de Meteogalicia e crear un organismo público con personalidade xurídica que asuma as competencias sobre o clima e os servizos meteorolóxicos?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Valcárcel Armesto

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/03/2025 16:38:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 26/03/2025 16:38:28

Alexandra Fernández Gómez na data 26/03/2025 16:38:36





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) é o centro de formación das forzas e corpos de seguridade e dos servizos de emerxencias, cun plan de formación continua anual.

A finais do ano 2017 a Xunta aprobou e publicou o decreto 115/2017 para regular a cooperación da Xunta cos concellos que, voluntariamente, decidan delegar na Administración autonómica a selección dos seus corpos de policía local.

En Galicia os datos de mulleres policía locais amósannos que existe neste corpo unha discriminación estrutural.

A porcentaxe de mulleres na Policía Local de Galicia non chega ao 10 %. Este dato revela a necesidade urxente de adoptar políticas que favorezan o acceso das mulleres a este corpo de seguridade, políticas que a Administración actual non impulsou nin parece disposta a adoptar.

O principal problema radica na falta dun plan de igualdade que estableza medidas específicas para incrementar a participación feminina, como xa se fixo noutros corpos policiais de diferentes territorios.

Ademais, non se realizou unha análise nin estudo con perspectiva de xénero das probas de acceso, o cal é un incumprimento da lexislación autonómica en materia de igualdade, que esixe precisamente a incorporación da devandita





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2025 17:20:45
Nº Rexistro: 22384
Data envío: 26/03/2025 17:20:45.156

perspectiva en todos os procedementos de acceso a cargos públicos.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan

Vai cumprir o Goberno galego a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a *igualdade* efectiva de mulleres e homes de *Galicia* no referido á presenza de mulleres no Corpo da Policía Local?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/03/2025 11:54:10

Patricia Iglesias Rey na data 26/03/2025 11:55:55

CSV: BOPGDSPG-PG.1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76592

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Baixo a presidencia de Fernando González Laxe, e cando era conselleiro de Agricultura, Francisco Sineiro García, aprobouse no ano 1989 a Lei 13 do 10 de outubro de montes veciñais en man común.

No ano 2022, a Consellería do Medio Rural anunciaba que presentaría as directrices dunha nova norma contra incendios que propón aprobar nese mesmo ano.

Galicia conta hoxe con 3.388 montes coa consideración de monte veciñal en man común, que ocupan unha superficie total de 661.068,08 ha, o que fai unha media de case 200 hectáreas (195.20) por este tipo de propiedade colectiva tan común en Galicia, esténdese por 248 dos 313 concellos de Galicia, ocupa un 25 % do territorio galego aproximadamente e xera importantes beneficios dende o punto de vista social, económico e ambiental.

Contan cunha regulación específica que establece que son bens indivisibles, inalienables, imprescriptibles e inembargables, co que pertence conxunta e indivisiblemente á totalidade dos comuneiros que conforman en cada momento a agrupación veciñal.

Para o Grupo Parlamentario Socialista os montes veciñais en man común teñen que asumir o papel económico que lles corresponde e a Administración autonómica debe darlle instrumentos para iso, tales como unha actualización





da lexislación reguladora dos MMVVMC coa finalidade de adecuar a súa regulación á súa situación actual.

Os motivos son obvios, os cambios producidos na nosa sociedade foron moi profundos. Dende o aumento do despoboamento no rural coa desaparición de moitas comunidades de montes, aínda que perdura o MVMC, polo seu carácter incidental.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27.11 de xeito inequívoco a competencia exclusiva da nosa comunidade autónoma en materia de réxime xurídico dos montes veciñais en man común.

Así as cousas, a Xunta de Galicia debe garantir que esta modalidade específica e ampla do noso monte, se converta nunha peza chave para o desenvolvemento sustentable do medio rural galego.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Vai cumprir o Goberno galego o Ditame da Comisión Especial non permanente de Estudo e Análise das Reformas da Política Forestal, de Prevención e Extinción de Incendios Forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017, en relación cos MCMC?

Parlamento de Galicia, 26 de marzo de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2025 17:22:47
Nº Rexistro: 22389
Data envío: 26/03/2025 17:22:47,436

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/03/2025 13:15:29

Lara Méndez López na data 26/03/2025 13:15:40

CSV: BOPGDSPG-PG.1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76595

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Este grupo parlamentario presentou unha batería de iniciativas sobre as consecuencias do traslado das consultas e o persoal do actual Centro de Saúde Novoa Santos ante a súa próxima demolición para a construción do Centro Integral de Saúde, así como sobre o hospital de día Infanto-xuvenil, nestes momentos sen localización.

Acusabamos á Xunta de Galicia de falta de planificación e previsión de non ter un cronograma de actuacións e actuar de novo baixo a improvisación.

Queremos agora centrarnos no plan da Xerencia para o traslado da Unidade de Saúde Mental do CES e o Programa de Prevención de Suicidio ao espazo do Hospital de Día de Psiquiatría (HDD) no Hospital Santa María Nai. O persoal do servizo manifestou o seu rexeitamento.

Este proceso afecta tamén á Unidade de Continuidade de Coidados de Psiquiatría e á Unidade de Condutas Aditivas (UCA) que vería remodelada a súa área de traballo para incluír o Hospital de Día de Saúde Mental Infanto-Xuvenil e o HDD de adultos mentres se fan estas obras.

Manifestan estes profesionais, afirmacións coas que concorda este grupo parlamentario, que estes cambios improvisados aos que se vai ver sometida a cidadanía obedecen non a un proxecto racional de reestruturación da rede de





saúde mental senón ás présas por dar acubillo ás consultas de Atención Primaria de Nóvoa Santos no CES provocadas pola demolición do edificio de Nóvoa Santos para construír un novo Centro Integral de Saúde. Este proxecto iniciouse en 2021, pero polo que parece non houbo tempo de pensar e consensuar, onde se van atender os doentes mentres se levan a cabo as obras.

Apuntan que este cambio aparentemente provisional pode durar anos e someter a cidadanía a condicións de asistencia indignas polas seguintes circunstancias:

1. Preténdese reducir a área de Hospital de Día de Psiquiatría no Nai para incluír aproximadamente uns 17 novos despachos de consulta. Neste momento o CES ten 9 consultas de psiquiatría, 3 de enfermaría, 5 de psicoloxía, 1 de Traballo Social, 2 de auxiliar administrativo, e 2 despachos para Mir/ Pir/ Eir, coas súas correspondentes salas de agarda, baños etc.

Mover todo isto ao espazo do Hospital de Día no Nai supón amorear ás persoas usuarias en espazos sen ventilación e illamento acústico axeitados e en salas de agarda insuficientes para as preto de 30.000 consultas anuais que se atenden, número ao que hai que engadir o dos seus acompañantes.

2. A Unidade de Saúde Mental que se pretende mover é por definición un dispositivo comunitario, é dicir, deben estar fóra do espazo hospitalario estando así regulado por lei:

A Lei xeral de sanidade (Lei 14/1986) establece que a atención aos problemas de saúde mental da poboación realizárase no ámbito comunitario, potenciando os recursos asistenciais a nivel ambulatorio e





os sistemas de hospitalización parcial e atención a domicilio, que reduzan ao máximo posible a necesidade de hospitalización.

No Decreto 389/1994 polo que se regula a saúde mental en Galicia da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, determínase que as unidades de saúde mental comunitaria situaranse, dentro da área á que pertencen... nos edificios propios dos centros de asistencia especializada extrahospitalaria.

3. O Hospital de Día traballa ao 200 % da súa ocupación (está dotado con 21 prazas e traballa con 41 doentes) que se dividen en grupos de ata 25 usuarios simultáneos. Os doentes presentan trastornos mentais graves e o traballo terapéutico require de espazos axeitados para terapias de grupo, obradoiros creativos, *mindfulness* ou actividades deportivas, ademais das consultas. A construción dun número tan alto de consultas e salas de agarda supón o desmantelamento dun Hospital de Día que xa tiña unhas instalacións deficientes, o que afectará gravemente ao persoal usuario atendido e ás súas familias.

4. A idea de montar o Hospital de Día Infanto Xuvenil nas instalacións da Unidade de Condutas Aditivas non parece a máis axeitada ás necesidades desta poboación.

5. O traslado da Unidade de Continuidade de Coidados a Piñor implica o desmantelamento dos dispositivos de rehabilitación comunitaria extrahospitalaria que se dan apoio entre si e traballan en conxunto (Hospitalización a Domicilio, Continuidade de Coidados e Hospital de Día) o que supón un problema organizativo para suplir as ausencias ou vacacións dos facultativos.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2025 18:26:36
Nº Rexistro: 22395
Data envío: 26/03/2025 18:26:36,958

6. O traslado afectará á calidade da docencia da Unidade Multidisciplinar de Saúde Mental do Complexo Hospitalario de Ourense, que é actualmente a maior unidade docente da provincia, e que debe prestar supervisión docente nos espazos do Servizo a un total de 25 residentes MIR de Psiquiatría, PIR de Psicoloxía Clínica e EIR de Enfermaría de Saúde Mental. Ademais de Residentes de Medicina Familiar e Comunitaria e estudantes de medicina e enfermaría.

Os profesionais, igual que este grupo parlamentario, en múltiples ocasións, en comisións e mesmo no Pleno do Parlamento de Galicia, esiximos que a Saúde Mental sexa tratada coa consideración que merece para garantir a saúde e a calidade de vida da cidadanía de Ourense.

Ante esta grave situación, as deputadas que asinan preguntan:

Valorou o Goberno galego as consecuencias para as persoas doentes o traslado da Unidade de Saúde Mental do CES e o Programa de Prevención de Suicidio ao espazo do Hospital de Día de Psiquiatría (HDD) no Hospital Santa María Nai?

Parlamento de Galicia, 26 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76599

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2025 18:26:36
Nº Rexistro: 22395
Data envío: 26/03/2025 18:26:36.958

Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/03/2025 18:22:51

Elena Espinosa Mangana na data 26/03/2025 18:23:12

Silvia Longueira Castro na data 26/03/2025 18:23:24

CSV: BOPGDSPG-PGJ1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76600

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro Garcia, Secundino Fernández Fernández, Iria Taibo Corsanego e Cristina Fernández Davila, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de reforzar a protección do Camiño Francés como Ben Patrimonio da Humanidade ante as ameazas da implantación da macrocelulosa Altri en Palas de Rei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Directrices Prácticas para a aplicación da Convención do Patrimonio Mundial elaboradas polo Comité do Patrimonio Mundial da UNESCO determinan os criterios para a inscrición de bens na Lista do Patrimonio Mundial en Perigo.

O artigo 179 regula as situacións en que os bens culturais poden pasar a ser inscritos na Lista do Patrimonio Mundial en Perigo caso de estaren expostos a algún perigo grave que pode ocasionar repercusións prexudiciais nas súas características esenciais e, en consecuencia, o seu recoñecemento como Patrimonio da Humanidade.

Entre estes perigos graves singularízanse, por exemplo, a existencia de perigos derivados de proxectos de ordenación territorial ou os perigos causados por plans urbanísticos.

No caso de bens naturais protexidos, estas Directrices Prácticas identifican, entre outros, como perigo comprobado sobre estes cando se produza “uha grave alteración da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

beleza natural ou do interese científico do ben que resulte, por exemplo, dun asentamento humano, da construción de embalses que provoquen a inundación dunha superficie considerábel do ben, do desenvolvemento industrial e agrícola, a saber, obras públicas ou privadas de gran envergadura, explotacións mineiras, contaminación, utilización de insecticidas ou abonos, explotación forestal, recolección de leña, etc.

Estas situacións de perigo poderían estar a comprometer a declaración do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade, así declarado en 1993. A orixe desta ameaza a un patrimonio galego fundamental do punto de vista sociocultural e económico reside no proxecto de instalación dunha macrocelulosa en Palas de Rei que a sociedade galega está a rexeitar publicamente unha e outra vez. Unha ameaza que se acaba de consolidar unha vez publicada a DÍA concluíndo a Xunta que o proxecto é ambientalmente viábel.

A propia DÍA recolle a petición á empresa promotora de informes complementarios para avaliar o impacto sobre o patrimonio cultural e natural provocado pola instalación da planta industrial da macrocelulosa de Altri, a creación de accesos, a captación e verteduras, unha liña eléctrica de 15 KV, impactos derivados da emisión de diferentes substancias que afecten á calidade do aire, etc.

Sorprende que nesta DÍA a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informe favorabelmente esta planta industrial, cando afecta unha parte da zona protexida de amortecemento, así como un radio de 15 km de impacto visual da planta, sen ficar esclarecida a totalidade da información requirida á empresa.

E aínda sorprende máis que se informe a favor da macrocelulosa de Altri recollendo a obriga de presentar diferente documentación, como proxectos de control arqueolóxico ou de tratamento de cores, texturas e acabados que minimicen a percepción das instalacións, unha vez aprobado o proxecto industrial. Isto é, mentres se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recoñece a importancia de cumprir os altos valores de protección que implica a consideración do Camiño francés como ben de Patrimonio da Humanidade, infórmase favorablemente a DÍA a expensas de novos informes que garantan estes valores unha vez aprobado o proxecto.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está en disposición de garantir a Xunta que a autorización ambiental á macrocelulosa de Altri non compromete a protección do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Secundino Fernández Fernández

Cristina Fernández Davila

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Taibo Corsanego na data 26/03/2025 18:25:19

Secundino Fernández Fernández na data 26/03/2025 18:25:22

Daniel Castro García na data 26/03/2025 18:25:32

Cristina Fernández Davila na data 26/03/2025 18:26:14

Mercedes Queixas Zas na data 26/03/2025 18:26:24





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Dende o PSdeG-PSOE levamos anos preguntando polo compromiso da Xunta de Galicia respecto a infraestrutura necesaria no Concello de Barreiros como é a nova EDAR situada en San Miguel de Reinante.

A Xunta de Galicia xa tiña realizado o proxecto dende o ano 2017, pero a pesar disto, nunca fixo nada para avanzar nesta infraestrutura.

A falta da EDAR conleva problemas de vertedura de augas non tratadas convenientemente, ou directamente non tratadas, ao entorno natural. Isto non so afecta ao medio ambiente, afecta a saúde da poboación residente como visitantes no Concello.

Ante a inacción da Xunta de Galicia e ante os problemas crecentes o Concello de Barreiros iniciou contacto co Ministerio para buscar solucións a esta situación.

O pasado mes de decembro a alcaldesa e a tenente de alcaldesa, Carmen Veiga, reuníanse co secretario de Estado de Medio Ambiente e a directora xeral de Augas acadando o compromiso de inicio dos traballos para a posta en marcha do procedemento de participación de Acuaes na construción da EDAR. O pasado 24 de marzo, o delegado do Goberno, Pedro Blanco, destacou o importante avance do Goberno de España en infraestruturas claves e esenciais para o Concello de Barreiros. Atendendo a demandas históricas e darlle unha resposta para construír a nova EDAR de San Miguel de Reinante.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 09:50:55
Nº Rexistro: 22408
Data envío: 27/03/2025 09:50:55,377

Diante dunha pregunta do Grupo Parlamentario Socialista en Comisión, o director de Augas de Galicia, Roi Fernández Añón, manifestou a vontade de contribuír co financiamento de dita infraestrutura.

Ante o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia a cofinanciar a EDAR de San Miguel de Reinante no Concello de Barreiros co fin de darlle solución a un problema dende hai moitos anos?

Santiago de Compostela, 27 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 27/03/2025 09:45:45

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76606

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 09:50:55
Nº Rexistro: 22408
Data envío: 27/03/2025 09:50:55,377

Carlos López Font na data 27/03/2025 09:45:55

Paloma Castro Rey na data 27/03/2025 09:46:04

CSV: BOPGDSPG-PGJ1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76607

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Alberto Pazos Couñago, Juan Casares Gándara, Gonzalo Trenor López, Noelia Pérez López, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno**.

A incapacidade do goberno do Sr. Sánchez para aprobar os Orzamentos do Estado en prazo, por segundo ano consecutivo é algo inédito.

Ademais, o Goberno central está retrasando tal e como xa sucedeu o ano pasado, nada mais e nada menos que hasta o mes de setembro, as entregas a conta que son cartos que lle corresponden aos galegos e galegas polos impostos pagados na nosa comunidade autónoma. Non son cartos dos que debería dispoñer de modo discrecional o Goberno do Estado.

Por desgracia esta situación non é inedita, xa no ano 2020 se produciu unha dobre prórroga orzamentaria o que levou a que as actualizacións das entregas a conta se fixera en dúas fases, unha no mes de xaneiro e outra no mes de outubro.

Galicia, xunto a outras Comunidades Autónomas, ven reclamando que a aprobación das entregas a conta se faga tal e como se fixo no ano 2020, e que como indicaba a Ministra Montero naquel momento o Goberno de España “ha elegido la fórmula más ventajosa para las Administraciones Territoriales dentro de las posibilidades que ofrece el ordenamiento jurídico actual en una muestra más de su compromiso con la financiación autonómica y de los servicios públicos esenciales como la educación, la sanidad o los servicios sociales”.

A non actualización das entregas a conta supón que o Goberno central estalle a reter case 1.600M€ de recursos a Galicia, que son de tódolos galegos e galegas, ademais de supoñer que a nosa Comunidade autónoma teña que asumir un custe financeiro adicional cada mes de 1,5 M€.

Isto é reflexo, unha vez mais, da importancia que lle da o Sr. Sánchez ao financiamento das administracións territoriais dispoñendo discrecionalmente dos recursos que financian os servizos públicos e usando este como moeda de cambio para os seus acordos de goberno.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Como valora o Goberno de Galicia que o Goberno Central siga sen actualizar as entregas a conta, e poña en mans dos seus socios minoritarios de goberno o normal funcionamento dos servizos públicos galegos?

Santiago de Compostela, 27 de marzo 2025.

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 27/03/2025 12:22:56

Alberto Pazos Couñago na data 27/03/2025 12:23:15

Juan Manuel Casares Gándara na data 27/03/2025 12:23:32

Gonzalo Trenor López na data 27/03/2025 12:23:41

Noelia Pérez López na data 27/03/2025 12:23:49

Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/03/2025 12:24:00

Julio García Comesaña na data 27/03/2025 12:24:10

Patricia García González na data 27/03/2025 12:24:27

Manuel Santos Costa na data 27/03/2025 12:24:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a tomar diante da rescisión do contrato a empresa Eliance, concesionaria dos helicópteros da Fundación Pública Urgencias Sanitarias-061.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo información recollida polos medios de comunicación, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias-061 comunicou hai uns días á empresa Eliance, concesionaria dos helicópteros do 061, a resolución do contrato dos mesmos, tanto do de Santiago como do de Ourense.

O BNG leva denunciado e numerosas ocasións os incumprimentos reiterados desta empresa e a necesidade de que a Xunta lle rescindira o contrato, porque estes incumprimentos poñen en risco a saúde e a vida dxs galegxs. Denunciamos que os helicópteros que prestan o servizo de emerxencias extrahospitalarias do 061 non están a cumprir o estipulado no contrato. Incumprimento do que establece o contrato: prestación de servizo en horario de orto a ocaso os 365 días do ano, como na obriga de ter helicóptero de reposto en caso de necesidade de revisións ou avaría.

O tempo de resposta deste servizo poden marcar a diferenza entre un desenlace positivo ou un fatal. Diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus, politraumatismos, afogamentos... cada minuto de demora na atención agrava o pronóstico e a supervivencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A falta destes helicópteros é especialmente grave, xa que teñen un ámbito de cobertura dos seus servizos en zonas moi deficitarias en canto a dotación de transporte sanitario urxente terrestre.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai realizar o novo concurso para a concesión dos helicópteros da Fundación Pública Urxencias Sanitarias-061 polo procedemento de urxencia?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/03/2025 12:34:43

Iria Carreira Pazos na data 27/03/2025 12:35:56





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O CEIP Xunqueira I en Pontevedra, no que cursan os seus estudos nenos e nenas de entre 3 e 12 anos é un dos centros educativos de referencia nese concello.

Este centro foi construído hai varias décadas o que xera que sexan necesarias obras de actualización e modernización.

Os investimentos do Goberno galego neste centro dende o ano 2009 foron raquíuticos e para resolver problemas puntuais, pero non se fixo unha actuación global que permita arranxar problemas que veñen arrastrando dende hai anos.

A situación deste centro nos terreos que foron gañados ao río fai que se trate dunha zona inundable e con elevados índices de humidade. Isto provoca o desgaste de solo e as paredes do centro, e en consecuencia unha situación de insalubridade para o seu alumnado.

Dende a comunidade educativa e as asociacións de pais e nais, levan moito tempo reclamando actuacións necesarias para mellorar a calidade do centro e que o alumnado poida estudar nun espazo digno.

O Goberno galego anuncia o seu plan de 2021 con un Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica co fin de adaptar os centros escolares ás novas necesidades educativas, sanitarias e tecnolóxicas.

Conforme a este plan instalouse recentemente un ascensor no centro, outra demanda que reclamaba a accesibilidade. Pero isto non é suficiente porque persisten carencias importantes que deben ser resoltas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:33:52
Nº Rexistro: 22423
Data envío: 27/03/2025 13:33:52.635

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego executar obras de mellora e Impermeabilización no CEIP Xunqueira I en Pontevedra?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/03/2025 13:20:05

Julio Abalde Alonso na data 27/03/2025 13:20:16

Silvia Longueira Castro na data 27/03/2025 13:20:32

CSV: BOPGDSPG-PGJ1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76613

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a reforma da Lei de eleccións ao Parlamento de Galiza para permitir o voto a partir dos 16 anos de idade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Foi no ano 1985 que se aprobou a actual lei electoral que aínda rexe os comicios que teñen lugar en Galiza. Faise, por tanto, no actual ano o 40 aniversario dunha lei electoral que, ao ver do grupo parlamentario do BNG, está desactualizada e non representa a sociedade galega actual que mudou considerabelmente nas últimas catro décadas. Cremos así que estaría máis que xustificado ampliar o dereito a voto ás persoas con 16 anos de idade.

Hoxe por hoxe unha moza ou mozo galego de 16 anos ten unha serie de responsabilidades e dereitos que se corresponden coa madurez que se lle presupón ás persoas desa idade. Desta forma, é pouco comprensíbel que aínda se manteña a idade de 18 anos como a mínima para poder exercer o dereito a voto nunha sociedade na cal un mozo de 16 anos xa pode conducir, casar ou mesmo votar no seu centro de traballo en eleccións sindicais.

Desde o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego pensamos que é hora de mudar a lei electoral e por Galiza á vangarda nesta cuestión. De todas as formas, Galiza non estaría soa neste ámbito xa que en países como Escocia ou Austria as persoas de 16 anos de idade xa teñen o seu dereito recoñecido pola lei a exerceren o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

voto. Non se trata dunha cuestión menor, trátase de que o Parlamento galego recoñeza un dereito máis a unha faixa da poboación galega e equiparar a lei electoral galega ás máis avanzadas de Europa.

Apelamos ao consenso dos grupos con representación no Parlamento galego para que este dereito sexa recoñecido por lei, para o que é necesario que esta cámara vote a favor de actualizar a actual lei electoral de 1985.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está a Xunta de Galiza a favor de actualizar a Lei de eleccións ao Parlamento de Galiza para, entre outras cuestións, permitir o voto ás persoas de 16 anos de idade?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 27/03/2025 15:57:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/03/2025 15:59:23





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os Socialistas de Galicia, consideramos que a sanidade e o dereito á saúde é un dos pilares máis importantes da nosa sociedade, e como tal, creemos que é imprescindible dotar aos centros de saúde de todas aquelas melloras tanto materiais como profesionais que precisen.

Cando falamos de dereito á saúde, estémonos a referir a que todos os cidadáns e cidadá temos dereito a ser atendidos/as por un médico/a no menor prazo posible, para ver así de resolver os nosos problemas de saúde. E moi especialmente as persoas maiores e os nenos e nenas.

No caso do consultorio de Cacheiras, estase a producir dende hai moito tempo unha situación que deixa en desamparo ás familias da poboación infantil que está adscrita a este centro.

A praza de pediatría deste centro de saúde, está en precario dende hai meses, o que ocasiona prexuízos e inquiredanzas ás familias que acoden ao centro cos seus rapaces menores e que se atopan con que uns días hai pediatra e outros non o hai, non ten horario fixo, e en moitas ocasións dende o propio centro, ante a falta de facultativo, indícanlle ás familias que acudan ao servizo de Urxencias do Hospital Clínico de Santiago.

En febreiro de 2024, o Concello de Teo confirmaba que o centro de saúde de Cacheiras cubriría en marzo de forma fixa a praza de especialista en pediatría,





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 22469
Data envío: 27/03/2025 16:00:42.173

pero isto non foi así, pese ás promesas e publicidade que se fixeron, o certo é que os rapaces e rapazas de Cacheiras, non dispoñen dun servizo completo de atención pediátrica, senón dun servizo precarizado, no que cando hai sorte temos pediatra, e se non toca hoxe, pois teñen que acudir ás urxencias do concello mais próximo.

De pouco serven ás familias as promesas que se fan dende o Concello e dende a Xunta de Galicia de que cando teñamos o ambulatorio novo teremos máis servizos. Esta promesa é un futurible. As familias queren pediatra xa, e atención pediátrica de forma fixa xa, porque a situación que están sufrindo é insostible, e merma moi gravemente a atención sanitaria dos pacientes nun núcleo cun censo de poboación infantil moi elevado.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia atender a demanda dunha segunda praza de pediatra no consultorio de Cacheiras, dado o incremento de poboación infantil na zona e a necesidade de mellorar a atención sanitaria ás familias?

Santiago de Compostela, a 27 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 27/03/2025 15:54:34

Elena Espinosa Mangana na data 27/03/2025 15:54:45

Silvia Longueira Castro na data 27/03/2025 15:54:52

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76618

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Ferrol e súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

O pasado mes de marzo, a Xunta de Galicia realizou o seu Consello de Goberno en Ferrol anunciando unha serie de accións para estas zonas, unha das cales foi relacionada con actuacións financiadas pola Dirección Xeral de Administración Local dirixidas aos concellos en 2024 na área de Ferrol.

Dentro destas actuacións de axudas para o ámbito local en infraestruturas de uso público para a creación e/ou mellora das infraestruturas, instalacións, dotacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais coa financiación da área ferrolá de catro iniciativas beneficiarias no ano 2024.

Por outra parte, a través da liña competitiva do Fondo de Compensación Ambiental subvencionáronse tres proxectos para o desenvolvemento sustentable dos concellos.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 22474
Data envío: 27/03/2025 16:02:38,672

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Pleno:

Cantos proxectos prevén ser financiados no 2025 polo Goberno galego nos concellos da área de Ferrol?

Santiago de Compostela, a 27 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 27/03/2025 15:58:09

Patricia Iglesias Rey na data 27/03/2025 15:58:18

Paloma Castro Rey na data 27/03/2025 15:58:28

CSV: BOPGDSPG-PGJ1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76620

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lama, Montserrat Valcárcel Armesto e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do embalse das Conchas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación ambiental que atravesamos o encoro das Conchas, alimentado polo río Limia, é alarmante e non admite máis demoras. A acumulación de nutrientes nas súas augas –especialmente nitratos e fosfatos– está a provocar fenómenos de eutrofización recorrente, con proliferación de cianobacterias potencialmente tóxicas. Esta realidade, constatada por análises reiteradas da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, supón unha ameaza directa para o equilibrio ecolóxico da zona, o acceso á auga en condicións de salubridade e a saúde pública.

A contaminación do encoro non é un fenómeno novo nin casual. Trátase dunha problemática estrutural que leva décadas agravándose ante a pasividade e a inacción da Xunta de Galiza. As políticas ambientais do actual goberno autonómico caracterízanse por unha falla de prevención, de control efectivo e dunha planificación rigorosa dos usos do solo e da actividade económica no territorio. A falta de investimentos en sistemas de control e depuración, está a contribuír de maneira directa á deterioración das augas do encoro das Conchas.

Tamén é de destacar a desidia dos concellos nos que está o encoro; xa levan inducendo ao engano á poboación negándoa evidencia e mesmo aconsellando o baño nunhas partes e prohibindo noutras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco debemos esquecer ao outro grande actor: a empresa que explota a enerxía xerada no encoro (NATURGY), que desde a súa instalación nunca fixo nada polo acondicionamento e limpeza do encoro e das marxes, simplemente limitouse a facer negocio cos nosos recursos naturais.

Resulta especialmente preocupante que, malia os datos existentes e as advertencias técnicas, a Xunta non teña aplicado medidas integrais nin reforzado o control ambiental. Nin tomado medidas na mellora da recollida e depuración das augas residuais. Debido á presión ambiental e social acumulada, e á evidencia xa incuestionábel da deterioración da calidade das augas, a propia Consellaría comezou a anunciar nas últimas semanas, en encontros co sector, a inminente declaración da zona como vulnerable á contaminación por nitratos. Esta decisión, aínda sen materializarse formalmente, non responde a unha planificación responsable, senón á acumulación de anos de desleixo institucional e falta de actuacións decididas.

Este retraso e desinterese ten consecuencias ambientais, sociais e políticas. En lugar de asumir a súa responsabilidade na ordenación do territorio e na protección dos recursos naturais, o Goberno galego prefire desviar o foco e trasladar toda a carga do problema a un sector, o agrogandeiro, que xa opera baixo normativas de benestar animal, trazabilidade e xestión de residuos, sen dispoñer das ferramentas nin do apoio suficiente por parte da administración.

Por todo isto, é imprescindible abordar no Parlamento de Galiza esta problemática co rigor que merece, esixindo transparencia, responsabilidade e acción inmediata por parte da Xunta. A saúde dos ecosistemas, das persoas e do propio futuro da comarca non pode seguir condicionada por intereses a curto prazo nin pola inacción institucional.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que motivo non se activaron antes protocolos de alerta e limpeza malia as reiteradas denuncias e análises que alertaban da contaminación do encoro?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2025

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**

Montserrat Valcárcel Armesto

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 27/03/2025 17:05:28

Montserrat Valcárcel Armesto na data 27/03/2025 17:06:25

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/03/2025 17:07:04





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

Unha desas medidas é a construción dun gran parque canino no polígono de Catabois, o primeiro destas características promovido pola Xunta e o Concello de Ferrol. En concreto, o futuro parque canino estará nunha parcela pública proposta polo executivo local e actualmente sen uso, localizada entre a estrada de Catabois, as vivendas de San Pablo e os depósitos de auga de Santa Mariña e ocupará unha superficie construída de aproximadamente 2.200 metros cadrados, equipado con diferentes elementos destinados a garantir o lecer e exercicio físico dos animais, así como o mobiliario necesario para os seus propietarios.

A Xunta de Galicia asumirá a redacción do proxecto e a posterior construción do novo parque canino ata completar os traballos para proceder á súa entrega formal, mentres que o Concello de Ferrol cederá os terreos, facilitará os permisos municipais e farase cargo do posterior mantemento, explotación e conservación da infraestrutura.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 17:10:30
Nº Rexistro: 22482
Data envío: 27/03/2025 17:10:30.661

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é o orzamento para a construción do parque canino de Catabois no Concello de Ferrol?

Santiago de Compostela, a 27 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 27/03/2025 16:57:41

Paloma Castro Rey na data 27/03/2025 16:57:50

Carlos López Font na data 27/03/2025 16:57:58

CSV: BOPGDSPG-PGJ1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76625

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

Unha das medidas comunicadas foi a colaboración co Concello de Ferrol para levar a cabo a rehabilitación urbana da cidade incluíndo actuacións en seis barrios cun investimento total de 12 millóns de euros, o Goberno galego achegará o 75 % do investimento, 9 millóns de euros e o Concello de Ferrol aportará o resto de 3 millóns de euros.

As intervencións previstas do futuro convenio é a rexeneración urbana de barrios declarados BIC, históricos ou que están na traza do Camiño de Santiago para recuperar edificios e espazos para a cidadanía.

A Xunta de Galicia indica que financiará as obras destinadas a adecuación e reurbanización, e a Administración local asumirá o investimento da adquisición de soares e edificios para transformalos en infraestruturas sociais, sanitarias e culturais; rehabilitación de edificios emblemáticos, e reurbanización de rúas, prazas ou accesos.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 17:11:28
Nº Rexistro: 22487
Data envío: 27/03/2025 17:11:28.052

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales son as actuacións previstas no Plan de rehabilitación dos barrios do Concello de Ferrol?

Santiago de Compostela, a 27 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 27/03/2025 17:00:33

Carlos López Font na data 27/03/2025 17:00:42

Paloma Castro Rey na data 27/03/2025 17:00:49

CSV: BOPGDSPG-PGJ1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76627

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Carlos López Font, Silvia Longueira Castro e Paloma Castro Rey, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

Un dos aspectos fundamentais desta nova situación é a mobilidade por autoestrada. Dentro das axudas para o transporte as tarifas gratuítas para as mozas e mozos e os maiores do ámbito da área de Ferrol xogan un papel fundamental, tanto nos traslados metropolitanos como as comunicacións con outras cidades de Galicia: A Coruña, Santiago, Lugo, etc.

Os programas de axudas para o transporte para xente moza e para maiores de 65 facilitan a estes colectivos viaxes de balde en autobús interurbano e no ferrocarril de proximidade na área ferrolá.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 17:12:22
Nº Rexistro: 22492
Data envío: 27/03/2025 17:12:22.286

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que avaliación fai a Xunta de Galicia das axudas para a mobilidade por autoestrada para xente moza e maiores de 65 no Concello de Ferrol?

Santiago de Compostela, a 27 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 27/03/2025 17:04:53

Carlos López Font na data 27/03/2025 17:05:02

Silvia Longueira Castro na data 27/03/2025 17:05:09

Paloma Castro Rey na data 27/03/2025 17:05:18

CSV: BOPGDSPG-PGJ1f0n89-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76629

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Gonzalo Trenor López, Manuel Santos Costa, Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

No actual contexto económico e empresarial, a simplificación de trámites administrativos e o acceso áxil á información constitúen factores clave para a competitividade e o desenvolvemento de proxectos empresariais. Así, a burocracia excesiva é unha das principais barreiras para a creación e a consolidación de empresas, especialmente para as pequenas e medianas empresas (pemes) e para as persoas traballadoras autónomas.

De feito, as pemes, así como as persoas traballadoras autónomas, enfróntanse, a miúdo, a unha maraña de procedementos burocráticos complexos e dispersos que retardan a posta en marcha e o crecemento das súas iniciativas. Ademais, a transformación dixital e a implementación de mecanismos de tramitación simplificada debe ir da man dun modelo de atención próximo e personalizado. Non basta con dixitalizar procesos se estes seguen sendo complexos ou se as persoas emprendedoras e empresarias non atopan un acompañamento axeitado.

Por iso, contar cun mecanismo eficaz que centralice e facilite o acceso á información ás empresas resulta esencial para a promoción do emprendemento, a consolidación do tecido empresarial e a atracción de novos investimentos.

Neste sentido, concibiuse a Oficina Económica de Galicia, dependente do Instituto Galego de Promoción Económica (Igapec) e que acaba de cumprir un ano de funcionamento.

Por todo o exposto, deputadas e deputados e do Grupo Parlamentario Popular de Galicia formula a seguinte pregunta:

1. Cal é o balance do primeiro ano da Oficina Económica de Galicia?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Cristina Sanz Arias na data 27/03/2025 18:17:01

Gonzalo Trenor López na data 27/03/2025 18:17:26

Manuel Santos Costa na data 27/03/2025 18:17:54

Juan Manuel Casares Gándara na data 27/03/2025 18:18:29

Miguel Fidalgo Iglesias na data 27/03/2025 18:18:52

Julio García Comesaña na data 27/03/2025 18:18:56

Patricia García González na data 27/03/2025 18:19:49

Alberto Pazos Couñago na data 27/03/2025 18:19:55

Noelia Pérez López na data 27/03/2025 18:21:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, Cristina Campero Dorado, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno**.

Xustificación da Urgencia:

A urgencia ven motivada pola necesidade de ter unha posición en sede Parlamentaria logo do acordo no pleno do Congreso dos deputados.

O Pleno do Congreso dos Deputados acordou rebaixar a protección do lobo ao norte do río Douro grazas á aprobación de varias emendas incluídas nun proxecto de lei estatal. A Cámara baixa corrixe deste xeito a errada decisión do Goberno de España que en 2021 incluíu o lobo no Listado de especies silvestres en réxime de protección especial (Lesrpe), de xeito unilateral e sen aval científico.

Galicia foi unha das comunidades que liderou esta demanda, da man das principais organizacións agrarias, coa pretensión de adoptar medidas de control do lobo e restablecer o equilibrio entre a protección da especie e das actividades gandeiras desenvolvidas no rural. Estes cambios son o froito de tres longos anos de traballo expoñendo ante todos os órganos e institucións -nacionais e europeos- a necesidade de mudar o status actual. É máis que evidente que non tiña ningún sentido manter ese nivel de protección.

Unha vez aprobadas as emendas para a exclusión do lobo do Lesrpe, a adopción de medidas para frear o impacto nas explotacións agrarias se aplicarán unha vez que a Lei de desperdicio alimentario sexa publicada no Boletín Oficial do Estado e entre en vigor. Entón, a especie deixará de estar especialmente protexida e deberían poder impulsarse accións de xestión, especialmente naquelas zonas con maior número de ataques do lobo.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Cómpre lembrar que a imposibilidade de adoptar medidas de control ata o momento, está a dificultar a convivencia do lobo co sector gandeiro, con moitas familias ao límite por non poder afrontar as perdas derivadas dos ataques desta especie silvestre. De feito, desde o ano 2021 -no que se incluíu o lobo no Lesrpe- os avisos por danos disparáronse preto dun 77% e as reses afectadas por ataques da especie aumentaron un 57% -cunha media de 10 animais atacados ao día-, levando a moitas explotacións a unha situación insostible.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Que valoración fai a Xunta de Galicia unha vez que as Cortes Xerais emendaron o erro cometido polo Goberno de España desde 2021 e obrighuen a rebaixar a protección do lobo?

Santiago de Compostela, 28 de marzo 2025.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 28/03/2025 11:03:54

Cristina Campero Dorado na data 28/03/2025 11:04:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 28/03/2025 11:04:19

María Deza Martínez na data 28/03/2025 11:04:27

José Mato Díaz na data 28/03/2025 11:04:37

Enrique Barreiro Sánchez na data 28/03/2025 11:04:47

Juan Manuel Casares Gándara na data 28/03/2025 11:05:01

Cecilia Vázquez Suárez na data 28/03/2025 11:05:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Katherinie Varela Fernández na data 28/03/2025 11:05:16

Ángel Rodríguez Conde na data 28/03/2025 11:05:24

Nicole Grueira Fernández na data 28/03/2025 11:05:32

José Luis Ferro Iglesias na data 28/03/2025 11:05:43

Roberto Rodríguez Martínez na data 28/03/2025 11:06:02

Carmen Pomar Tojo na data 28/03/2025 11:06:13

Gonzalo Trenor López na data 28/03/2025 11:06:54

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/03/2025 11:07:05

Argimiro Marnotes Fernández na data 28/03/2025 11:07:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a necesidade de reforzar a protección do Camiño Francés como Ben Patrimonio da Humanidade ante as ameazas da implantación da macrocelulosa Altri en Palas de Rei.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer canto antes no Parlamento a disposición da Xunta para garantir que a autorización ambiental á macrocelulosa de Altri non compromete a protección do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade.

Exposición de motivos

As Directrices Prácticas para a aplicación da Convención do Patrimonio Mundial elaboradas polo Comité do Patrimonio Mundial da UNESCO determinan os criterios para a inscrición de bens na Lista do Patrimonio Mundial en Perigo.

O artigo 179 regula as situacións en que os bens culturais poden pasar a ser inscritos na Lista do Patrimonio Mundial en Perigo caso de estaren expostos a algún perigo grave que pode ocasionar repercusións prexudiciais nas súas características esenciais e, en consecuencia, o seu recoñecemento como Patrimonio da Humanidade.

Entre estes perigos graves singularízanse, por exemplo, a existencia de perigos derivados de proxectos de ordenación territorial ou os perigos causados por plans urbanísticos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso de bens naturais protexidos, estas Directrices Prácticas identifican, entre outros, como perigo comprobado sobre estes cando se produza “unha grave alteración da beleza natural ou do interese científico do ben que resulte, por exemplo, dun asentamento humano, da construción de embalses que provoquen a inundación dunha superficie considerábel do ben, do desenvolvemento industrial e agrícola, a saber, obras públicas ou privadas de gran envergadura, explotacións mineiras, contaminación, utilización de insecticidas ou abonos, explotación forestal, recolección de leña, etc.”

Estas situacións de perigo poderían estar a comprometer a declaración do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade, así declarado en 1993. A orixe desta ameaza a un patrimonio galego fundamental do punto de vista sociocultural e económico reside no proxecto de instalación dunha macrocelulosa en Palas de Rei que a sociedade galega está a rexeitar publicamente unha e outra vez. Unha ameaza que se acaba de consolidar unha vez publicada a declaración de impacto ambiental (DIA) concluíndo a Xunta que o proxecto é ambientalmente viábel.

A propia DIA recolle a petición á empresa promotora de informes complementarios para avaliar o impacto sobre o patrimonio cultural e natural provocado pola instalación da planta industrial da macrocelulosa de Altri, a creación de accesos, a captación e verteduras, unha liña eléctrica de 15 KV, impactos derivados da emisión de diferentes substancias que afecten á calidade do aire, etc.

Sorprende que nesta DIA a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informe favorabelmente esta planta industrial, cando afecta unha parte da zona protexida de amortecemento, así como un radio de 15 km de impacto visual da planta, sen ficar esclarecida a totalidade da información requirida á empresa.

E aínda sorprende máis que se informe a favor da macrocelulosa de Altri recollendo a obriga de presentar diferente documentación, como proxectos de control arqueolóxico ou de tratamento de cores, texturas e acabados que minimicen a percepción





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das instalacións, unha vez aprobado o proxecto industrial. Isto é, mentres se recoñece a importancia de cumprir os altos valores de protección que implica a consideración do Camiño Francés como ben de Patrimonio da Humanidade, infórmase favorablemente a DIA a expensas de novos informes que garantan estes valores unha vez aprobado o proxecto.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Está en disposición de garantir a Xunta que a autorización ambiental á macrocelulosa de Altri non compromete a protección do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 31/03/2025 16:26:03



Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Victor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer as medidas que a Xunta de Galicia ten pensado tomar ante o pequeno derrubamento do falso teito no Hospital Materno infantil de Ourense.

O complexo hospitalario universitario de Ourense está inmerso nun proceso de renovación integral que leva anos en marcha e que busca dotar á área sanitaria dunhas instalación punteiras no ámbito tecnolóxico e asistencial. O obxectivo último da Xunta de Galicia é mellorar a infraestrutura permitindo aos ourensáns contar cunhas instalacións máis amplas e cómodas, tanto para os doentes como para os traballadores.

Neste proceso de modernización no que se están a investir máis de 52 millóns de euros e co que se están a realizar intervencións en distintas partes do complexo hospitalario, téñense xerado algúns imprevistos no Hospital Materno infantil.

Ante esta situación, os deputados arriba asinantes propoñen a seguinte pregunta oral:

1. Que medidas ten pensado pór en marcha a Consellería de Sanidade para dar solucións ás situacións acontecidas no Hospital Materno Infantil de Ourense?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



María Encarnación Amigo Díaz na data 31/03/2025 16:31:57

Noelia Pérez López na data 31/03/2025 16:32:52

Ethel Vázquez Mourelle na data 31/03/2025 16:33:19

Raquel Arias Rodríguez na data 31/03/2025 16:33:33

Víctor Baladrón Lamas na data 31/03/2025 16:33:48

Nicole Grueira Fernández na data 31/03/2025 16:34:04

Dolores Hermelo Piñeiro na data 31/03/2025 16:34:21

Argimiro Marnotes Fernández na data 31/03/2025 16:34:34

Maria Magdalena Perez Millares na data 31/03/2025 16:34:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2025 17:20:21
Nº Rexistro: 22618
Data envío: 31/03/2025 17:20:21.203

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego dea explicacións a esta cámara dos recentes acontecementos ocorridos no Hospital Materno Infantil de Ourense ao derrubarse parte do teito o que puido provocar serios perxuicios.

Ante a situación de precariedade e inseguridade na que se encontra o cadro de persoal e as persoas usuarias do Hospital Materno Infantil de Ourense, a deputada que asina pregunta:

Como valora o Goberno galego o acontecido en relación co derrube do teito do Hospital Materno Infantil de Ourense?

Parlamento de Galicia, 31 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 31/03/2025 17:19:27





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2025 18:23:00
Nº Rexistro: 22620
Data envío: 31/03/2025 18:23:00,100

Á MESA DO PARLAMENTO

José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, que medidas valora tomar para mellorar os déficits actuais do sistema sanitario público de Galicia?

Santiago de Compostela, 31 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 31/03/2025 18:18:58

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

76641

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Sr Rueda, por que as listas de espera na sanidade non deixan de aumentar co seu goberno?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 31/03/2025 18:23:33



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

